# PROGRAMACIÓN 1º DE PRIMARIA

CEIP FELICIANO BARRERA

CURSO 2020 - 2021

TITORA: ALBA AMOEDO AMOEDO

# 1.ÍNDICE

1.ÍNDICE ..... 1
2.INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN ..... 3
2.1.Introdución ..... 3
2.2.Contextualización ..... 3
2.2.1. O centro ..... 3
2.2.2. O alumnado ..... 5
2.2.3. As familias ..... 5
2.2.4. Situación sociolingüística do alumnado ..... 6
2.2.5. O alumnado de 1º primaria ..... 6
3.CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE ..... 6
3.1.Vinculación entre as competencias clave e os obxectivos da educación primaria ..... 7
4.PROGRAMACIÓN DAS ÁREAS ..... 9
4.1. Matemáticas. Alba Amoedo. ..... 10
4.1.1.Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, grao de consecución, competencias clave e procedementos de avaliación ..... 10
4.1.2.Estándares de aprendizaxe mínimos en caso de actividade lectiva non presencial ..... 14
4.1.3.Temporalización ..... 14
4.1.4.Concrecións metodolóxicas ..... 15
4.1.5.Materiais e recursos didácticos ..... 16
4.1.6.Avaliación e criterios de cualificación do alumnado ..... 17
4.1.7.Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados ..... 18
4.1.8.Aprendizaxes non adquiridas no curso 2019-2020 ..... 19
4.1.9.Plan de recuperación ..... 19
4.2. Lingua castelá e literatura. Mónica Castro. ..... 21
4.2.1.Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, grao de consecución, competencias clave e procedementos de avaliación ..... 21
4.2.2.Temporalización ..... 38
4.2.3.Concrecións metodolóxicas ..... 39
4.2.4.Materiais e recursos didácticos ..... 39
4.2.5.Avaliación e criterios de cualificación do alumnado ..... 40
4.2.6.Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados ..... 42
4.2.7.Contidos mínimos en caso de actividade lectiva non presencial ..... 42
4.2.8.Aprendizaxes non adquiridas no curso 2019-2020 ..... 44
4.2.9.Plan de recuperación ..... 44
4.3. Lingua galega e literatura. Alba Amoedo. ..... 46
4.3.1.Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, grao de consecución, competencias clave e procedementos de avaliación ..... 46
4.3.2.Estándares de aprendizaxe mínimos en caso de actividade lectiva non presencial ..... 54
4.3.3.Temporalización ..... 55
4.3.4.Concrecións metodolóxicas ..... 55
4.3.5.Materiais e recursos didácticos ..... 56
4.3.6.Avaliación e criterios de cualificación do alumnado ..... 57
4.3.7.Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados ..... 58
4.3.8.Aprendizaxes non adquiridas no curso 2019-2020 ..... 59
4.3.9.Plan de recuperación ..... 59
4.4. Ciencias sociais. Mónica Castro. ..... 61
4.4.1.Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, grao de consecución, competencias clave e instrumentos de avaliación ..... 61
4.4.2.Temporalización ..... 76

4.4.3.Concrecións metodolóxicas ... 76
4.4.4.Materiais e recursos didácticos ... 77
4.4.5.Avaliación e criterios de cualificación do alumnado ... 77
4.4.6.Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados ... 79
4.4.7.Contidos mínimos en caso de actividade lectiva non presencial ... 79
4.4.8.Plan de recuperación ... 81
4.5.Ciencias da natureza. Alba amoedo. ... 83
4.5.1.Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, grao de consecución, competencias clave e procedementos de avaliación ... 83
4.5.2.Contidos mínimos en caso de actividade lectiva non presencial ... 86
4.5.3.Temporalización ... 86
4.5.4.Concrecións metodolóxicas ... 87
4.5.5.Materiais e recursos didácticos ... 88
4.5.6.Avaliación e criterios de cualificación do alumnado ... 88
4.5.7.Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados ... 90
4.5.8.Aprendizaxes non adquiridas no curso 2019-2020 ... 91
4.5.9.Plan de recuperación ... 91
4.6. Valores sociais e cívicos. Alba Amoedo. ... 93
4.6.1.Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, grao de consecución, competencias clave e procedementos de avaliación ... 93
4.6.2.Contidos mínimos en caso de actividade lectiva non presencial ... 97
4.6.3.Temporalización ... 97
4.6.4.Concrecións metodolóxicas ... 97
4.6.5.Materiais e recursos didácticos ... 99
4.6.6.Avaliación e criterios de cualificación do alumnado ... 99
4.6.7.Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados ... 101
4.6.8.Aprendizaxes non adquiridas no curso 2019-2020 ... 101
4.6.9.Plan de recuperación ... 102
4.7.Educación artística (plástica). Jorge A. Vázquez. ... 103
4.7.1.Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, grao de consecución, competencias clave e procedementos de avaliación ... 103
4.7.2.Contidos mínimos en caso de actividade lectiva non presencial ... 109
4.7.3.Temporalización ... 110
4.7.4.Concrecións metodolóxicas ... 110
4.7.5.Materiais e recursos didácticos ... 111
4.7.6.Avaliación e criterios de cualificación do alumnado ... 112
4.7.7.Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados ... 114
4.7.8.Aprendizaxes non adquiridas no curso 2019-2020 ... 115
4.7.9.Plan de recuperación ... 115
**5.CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO ... 116**
**6.INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE ... 116**
**7.MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE ... 117**
**8.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES ... 118**
**9.MEDIDAS PARA A ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL ... 119**
9.1.Actuacións iniciais para preparar o posible período de actividade lectiva non presencial ... 119
9.2.Período de actividade lectiva non presencial ... 119
**10.MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS E PROCESOS DE MELLORA ... 121**

# 2.INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

## 2.1.Introdución

Esta programación é o segundo nivel de concreción na etapa de Educación Primaria e está adaptado á “*Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa*”, concretada en Galiza no “*Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*”.

Un aspecto importante a ter en conta para a elaboración desta programación é a realidade do centro e a do propio alumnado, xa que pretende partir do próximo e do coñecido como gran recurso para guiar e orientar a selección e organización do que ensinar e como levalo á aula.

A programación procura ser o máis práctica posible, xa que se trata dun guión para levar a cabo o traballo na aula ao longo do curso e por tanto un exceso de teoría sería totalmente inútil. Será ademais unha opción flexible e aberta á experimentación, podendo ser modificada e mellorada segundo o resultado da avaliación. A través da súa posta en práctica, axustaranse os procesos e comprobarase a validez e adecuación de cada un dos seus elementos.

Neste curso será especialmente importante ter en conta a situación sanitaria actual, buscar o xeito de adaptar as actividades habituais a esta situación e actualizar continuamente o previsto segundo as novas indicacións e recomendacións que continuamente chegan das autoridades sanitarias.

Así mesmo, é necesario ter en conta que haberá que empregar gran parte do tempo lectivo das primeiras semanas do curso en formar ao alumnado para os novos hábitos de hixiene, distancia social, uso correcto das máscaras, uso dos distintos espazos do centro, novas normas de centro e de aula ...

Conforme vaian chegando ao longo do curso novas recomendacións das autoridades sanitarias, a formación do alumnado en este tipo de hábitos de saúde será prioritaria fronte a calquera outro tipo de contidos curriculares.

Os principais obxectivos deste curso xirarán sempre arredor da seguridade do grupo de convivencia e de conseguir a maior calidade de educación para o alumnado nesta situación tan excepcional.

## 2.2.Contextualización

### *2.2.1. O centro*

O centro atópase nun val, no núcleo rural de O Casal, lugar da Parroquia de San Xulián de Guláns, pertencente ao Concello de Ponteareas (Pontevedra), a unha distancia de 5 Km da cabeza do municipio e a uns 26 km de Vigo. Dita parroquia conta con uns 718 habitantes (datos

2018), distribuídos en 23 entidades de poboación, nas que a maioría das vivendas son de tipo unifamiliar agrupadas en barrios dispersos.

Polo que respecta ao nivel socioeconómico da poboación de Guláns, pódese considerar de clase media-baixa. A presencia do sector secundario é practicamente inexistente e a maioría dos habitantes traballan no sector primario e terciario, sendo os homes os que fundamentalmente realizan traballos remunerados, mentres que a maioría das mulleres dedícanse ás labores do fogar e ao cultivo dos campos para autoconsumo e, aínda que en menor medida que anos atrás, parte desta produción vai destinada a unha posterior venta no mercado de Ponteareas. Caben destacar no sector primario a existencia das “Canteiras de Couso” e o cultivo de pementos, potenciado coa concesión da denominación de orixe “Pemento de Guláns”.

En canto á situación sociocultural, a parroquia de Guláns conta con diversas instalacións e actividades culturais, entre as que se atopan:

- A Avisoureira: unha casa cultural que conta cunha cafetería, un gran salón de actos, unha pequena biblioteca, tres ordenadores con acceso a internet, zona de recreo con pistas deportivas, parque infantil, ... Pola cercanía do noso centro e pola calidade das instalacións e o recinto, é habitual que realicemos algunhas actividades do centro nesta casa cultural.
- Banda de Música Unión de Guláns: unha das bandas máis antigas e con maior historia de todo Galicia.
- Escola de música da Banda de Música Unión de Guláns: está autorizada pola Consellería de Educación e asisten moitos dos alumnos/-as do centro.
- Asociación Cultural de Guláns: organiza varias actividades culturais, lúdicas e de formación (bailes de salón, ioga, pilates, actuacións, espectáculos, festas, …)
- Comunidade de Montes San Cibrán: realiza unha labor de xestión e conservación do medio natural e subvenciona actividades e obras para toda a parroquia.
- Rancho de Reis de Guláns: un grupo que mantén vivo unhas danzas ancestrais típicas da zona sur de Pontevedra que só se bailan nas datas próximas ao Nadal. Varios alumnos/-as do centro pertencen a este grupo.
- Ao longo do ano hai outras asociacións que realizan actividades diversas nas que tamén adoita participar o alumnado do centro (comisións de festas, grupo dos rastrexos, asociación do pemento de Guláns, grupo de catequese, ...)

A vila de Ponteareas atópase a uns 9 km do centro. Alí as familias teñen acceso a biblioteca, museo, actividades culturais, ... O principal problema é que non se dispón dunha rede de transporte público adecuada, polo que moitas familias non teñen un fácil acceso á vila. Este

problema existe tamén coa conexión con Vigo, que ten unha maior oferta cultural e está a uns 25 km, pero non tódalas familias dispoñen de coche propio para poder desprazarse ata alí.

### *2.2.2. O alumnado*

Este curso contamos con 107 alumnos/-as procedentes principalmente de Guláns, Cristiñade e Ganade (Parroquia de Areas). En xeral, o alumnado pertence a familias dun nivel socioeconómico e cultural medio-baixo.

En xeral é un alumnado non conflitivo, cun ambiente familiar que se atopa dentro do considerado como normal sen problemáticas graves de risco de exclusión social, alcoholismo, drogo dependencia, abandono familiar, … Existe algún caso concreto que xa conta co apoio dos servizos sociais do Concello.

No centro non hai alumnado doutras nacionalidades. Hai algúns pais e nais procedentes doutros países e algúns nenos/-as que, aínda que foron adoptados por familias do lugar, proceden tamén doutros países.

O alumnado, en xeral, non presenta grandes desfases entre o seu nivel de coñecemento e a súa idade. Aínda así, aproximadamente un 30% do alumnado está considerados como alumnado con necesidades educativas e precisa dunha especial atención en distintos ámbitos da aprendizaxe.

### *2.2.3. As familias*

As familias están organizadas en torno á ANPA. A ANPA funciona ben e adoita coordinarse de forma moi correcta co centro e coas familias. Tamén adoitan ter propostas interesantes para o alumnado e para o centro. Todo isto redunda en beneficio da boa relación existente entre tódolos membros da comunidade educativa.

As familias adoitan estar sempre dispostas a colaborar co centro en todo o que se lles pide. En xeral, salvo raras excepcións, preocúpanse pola educación dos seus fillos e fillas, asistindo de maneira periódica ás reunións cos titores, así como ás reunións xerais e ás distintas actividades organizadas polo centro. Ademais sempre colaboran nas actividades que propoñen os distintos equipos de dinamización e os titores e titoras.

Dende o centro mantense coas familias unha comunicación continua e eficaz a través de distintos medios (circulares, teléfono, reunións ...).

No que respecta a aquelas familias cunha situación problemática ou delicada, mantense un contacto frecuente cos servizos sociais do Concello de Ponteareas.

### 2.2.4. Situación sociolingüística do alumnado

Polo que respecta ao alumnado, a pesar de pertencer a un medio rural, a maioría fala castelán. Cada ano vaise perdendo un número maior de galego falantes.

### 2.2.5. O alumnado de 1º primaria

A aula de 1º está composta por 7 alumnos (2 nenas e 5 nenos).

Unha das nenas non estivo escolarizada na etapa de Educación Infantil. Outro dos alumnos procede doutro centro. O resto do alumnado, estivo na mesma aula durante o período de Educación Infantil, pero tratábase de grupos mixtos, polo que estaban ademais con outros nenos e nenas. Esta situación, require un traballo importante de integración e cohesión do grupo.

Na materia de valores sociais e cívicos / relixión católica, 3 alumnos saen da aula co mestre de relixión e 4 quedan coa titora en valores sociais e cívicos.

A titora deste curso, Alba Amoedo Amoedo, é tamén a directora do centro, polo que precisa de algunhas horas de liberación. Por este motivo, en 1º de primaria impartirá a materia de Lingua Castelá e a de Ciencias Sociais Mónica Castro Roa. Será necesario establecer mecanismos eficaces de coordinación entre o profesorado que imparte clase no grupo.

## 3.CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Enténdese por **competencias** as capacidades para aplicar de forma integrada os **contidos** propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

Unha competencia supón a combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz. Xa que logo, as competencias considéranse como coñecemento na práctica, un coñecemento adquirido a través da participación activa en prácticas sociais que, como tales, se poden desenvolver tanto no contexto educativo formal, a través do currículo, coma nos contextos educativos non formais e informais; conceptualízanse como “un saber facer” que se aplica a unha diversidade de contextos académicos, sociais e profesionais.

- ✓ Comunicación lingüística (CCL).
- ✓ Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- ✓ Competencia dixital (CD).
- ✓ Aprender a aprender (CAA).

- ✓ Competencias sociais e cívicas (CSC).
- ✓ Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- ✓ Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Traballar por competencias na aula supón unha reflexión e reconfiguración dos contidos dende un enfoque de aplicación que permita o adestramento destas. As competencias non se estudan, nin se ensinan, adéstranse. Para iso xeraremos tarefas de aprendizaxe onde favorezamos nos alumnos a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Enténdese por obxectivos os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.

## 3.1.Vinculación entre as competencias clave e os obxectivos da educación primaria

| OBXECTIVOS | COMPETENCIAS CLAVE |
|---|---|
| a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática. | Competencias sociais e cívicas.<br>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. |
| b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor. | Competencias sociais e cívicas.<br>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.<br>Aprender a aprender |
| c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan. | Competencias sociais e cívicas.<br>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.<br>Aprender a aprender<br>Comunicación lingüística. |
| d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade. | Competencias sociais e cívicas.<br>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.<br>Conciencia e expresións culturais |
| e) Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas. | Comunicación lingüística.<br>Aprender a aprender.<br>Competencias sociais e cívicas. |
| f) Adquirir, cando menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás. | Comunicación lingüística.<br>Aprender a aprender.<br>Competencias sociais e cívicas. |
| g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos | Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.<br>Aprender a aprender.<br>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. |

| | |
|---|---|
| e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá. | |
| h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia. | Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.<br>Aprender a aprender.<br>Sociais e cívicas.<br>Conciencia e expresións culturais. |
| j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais. | Conciencia e expresións culturais.<br>Comunicación lingüística.<br>Dixital.<br>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. |
| k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social. | Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.<br>Sociais e cívicas. |
| l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado. | Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.<br>Sociais e cívicas. |
| m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual. | Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.<br>Sociais e cívicas.<br>Conciencia e expresións culturais. |
| n) Fomentar a educación vial e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico. | Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.<br>Sociais e cívicas. |
| o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, destacando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas. | Sociais e cívicas.<br>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.<br>Conciencia e expresións culturais. |

# 4.PROGRAMACIÓN DAS ÁREAS

Enténdese por **contidos** o conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias.

Enténdese por **criterios de avaliación** o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.

Enténdese por **estándares de aprendizaxe** as especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliables, e permitir graduar o rendemento ou logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.

Os criterios de avaliación relaciónanse directamente cos estándares de aprendizaxe avaliables, que non son máis que concrecións dos propios criterios, e eses estándares conéctanse coas competencias clave. Por outra banda, os criterios de avaliación describen o que se pretende lograr en cada disciplina, e, neste sentido, os contidos non son máis que os medios para acadalos.

En cada área os contidos agrúpanse en bloques, o que non supón unha secuencia nin implica unha organización pechada; pola contra, permite organizar de diferentes formas os elementos curriculares e adoptar a metodoloxía máis axeitada ás características das aprendizaxes e do grupo de alumnos e alumnas aos que van dirixidos.

Enténdese por **grao de consecución** o nivel mínimo de adquisición de cada un dos estándares de aprendizaxe e, polo tanto, está directamente relacionado con estes, xa que se trata do seguinte nivel de concreción dos mesmos. Este seguinte nivel de concreción, ven a establecer o grao mínimo de consecución que se esixe para que o alumnado poida superar a materia.

Enténdese por **procedementos de avaliación** o xeito de avaliar, as probas, ferramentas ou instrumentos de avaliación. Existe unha gran variedade de medios para avaliar, que van dende a tradicional proba escrita ata a observación directa, pero ningún deles é completo sen os outros. A elección dos máis apropiados depende en gran medida do tipo de actividade de que se trate. É necesario, por tanto, escoller en cada momento o instrumento de avaliación máis adecuado ás nosas necesidades. Dada a cantidade de elementos de ensinanza a avaliar, os procedementos han de ser ricos e variados, proporcionando información dende distintos puntos de vista. Debido a isto, é necesario recorrer a estratexias educativas que busquen avaliacións de tipo cualitativo e non unicamente cuantitativas.

## 4.1. Matemáticas. Alba Amoedo.

### *4.1.1.Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, grao de consecución, competencias clave e procedementos de avaliación*

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| BLOQUE 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS | | | | | | |
| ▪ g<br>▪ e | ▪ B1.1. Expresión verbal do proceso de razoamento da resolución dun problema sinxelo. | ▪ B1.1. Expresar verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema. | ▪ MTB1.1.1. Comunica verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema simple de matemáticas ou en contextos da realidade. | ▪ Explica de forma sinxela o proceso de resolución dun problema. | ▪ CMCT<br>▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Prova oral |
| ▪ g<br>▪ b | ▪ B1.2. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico. | ▪ B1.2. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais polo traballo matemático ben feito. | ▪ MTB1.2.1. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto a traballar na área de Matemáticas. | ▪ Traballa de forma ordenada e limpa. | ▪ CMCT<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| ▪ g<br>▪ i | ▪ B1.3. Utilización guiada de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe. | ▪ B1.3. Iniciarse na utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe coa axuda guiada do mestre ou da mestra. | ▪ MTB1.3.1. Manifesta interese na utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe. | ▪ Interésase polo emprego dos medios tecnolóxicos. | ▪ CMCT<br>▪ CD<br>▪ CAA | ▪ Observación |
| BLOQUE 2. NÚMEROS | | | | | | |
| ▪ e<br>▪ g | ▪ B2.1. Números naturais ata o 99.<br>▪ B2.2. Nome e grafía dos números ata o 99.<br>▪ B2.3. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades e decenas.<br>▪ B2.4. O sistema de numeración decimal: valor de posición das cifras.<br>▪ B2.5. Identifica o número anterior e o seguinte a un dado.<br>▪ B2.6. Identifica o número maior, o menor e o igual a un dado. | ▪ B2.1. Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados. | ▪ MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 99. | ▪ Le, escribe e ordena números ata o 99. | ▪ CMCT<br>▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| | | | ▪ MTB2.1.2. Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais. | ▪ Identifica o valor de posición das cifras. | ▪ CMCT<br>▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B2.7. Identifica os números ordinais do 1º ao 10º. | ▪ B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en | ▪ MTB2.2.1. Utiliza os números ordinais en contextos reais. | ▪ Utiliza os números ordinais en contextos | ▪ CMCT | ▪ Observación<br>▪ Proba oral |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ g | ▪ B2.8. Utilización e relación dos números ordinais. Comparación de números.<br>▪ B2.3. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades e decenas. | situacións da vida cotiá. | | reais. | | |
| | | | ▪ MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 99. | ▪ Interpreta en textos os números naturais ata o 99. | ▪ CMCT<br>▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| | | | ▪ MTB2.2.3. Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras. | ▪ Descompón e compón números naturais. | ▪ CMCT | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| | | | ▪ MTB2.2.4. Ordena números enteiros e represéntaos na recta numérica. | ▪ Ordena números enteiros e represéntaos na recta numérica. | ▪ CMCT | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| ▪ b<br>▪ g | ▪ B2.9. Iniciación no desenvolvemento de estratexias persoais de cálculo mental.<br>▪ B2.10. Gusto pola presentación ordenada e limpa dos cálculos e dos resultados.<br>▪ B2.11. Cálculo de sumas e restas.<br>▪ B2.12. Utilización en situacións familiares da suma para xuntar ou engadir e da resta para separar ou quitar. | ▪ B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas. | ▪ MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de suma na resolución de problemas contextualizados. | ▪ Resolve problemas de sumas sinxelas. | ▪ CMCT | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| | | | ▪ MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de resta (sen levadas) na resolución de problemas contextualizados. | ▪ Resolve problemas de restas sinxelas sen levadas. | ▪ CMCT | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| | | | ▪ MTB2.3.3. Emprega procedementos diversos na realización de cálculos numéricos básicos. | ▪ Fai cálculos sinxelos con distintos procedementos. | ▪ CMCT | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas<br>▪ Proba oral |
| ▪ b<br>▪ g | ▪ B2.13. Resolución de problemas da vida cotiá. | ▪ B2.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas. | ▪ MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados. | ▪ Resolve problemas sinxelos de sumas e restas | ▪ CMCT<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| | | | ▪ MTB2.4.2. Iníciase na reflexión sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto. | ▪ Comproba e interpreta os resultados dos problemas. | ▪ CMCT<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas<br>▪ Proba oral |
| BLOQUE 3. MEDIDA | | | | | | |
| ▪ g | ▪ B3.1. Medición con instrumentos e estratexias non convencionais.<br>▪ B3.2. Estimación de resultados de | ▪ B3.1. Utilizar o palmo, o paso e o pé para realizar medidas e estimacións. | ▪ MTB3.1.1. Realiza medicións co palmo, o paso e o pé. | ▪ Realiza medicións co palmo, o paso e o pé. | ▪ CMCT | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | medidas (distancias, tamaños, pesos, capacidades...) en contextos familiares. | | | | | ▪ Experimentos |
| | | ▪ B3.2. Comparar e identificar cal é o obxecto de maior peso, por estimación e/ou utilizando a balanza. | ▪ MTB3.2.1. Realiza comparacións de peso entre dous obxectos de uso habitual. | ▪ Compara o peso de dous obxectos. | ▪ CMCT | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas<br>▪ Experimentos |
| | | ▪ B3.3. Comparar e identificar cal é o recipiente de maior capacidade, por estimación. | ▪ MTB3.3.1. Compara e identifica cal é o recipiente de maior capacidade. | ▪ Compara a capacidade de dous recipientes | ▪ CMCT | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas<br>▪ Experimentos |
| ▪ g | ▪ B3.3. Unidades de medida do tempo e as súas relacións: minuto, hora, día, semana e ano.<br>▪ B3.4. Lectura sinxela en reloxos analóxicos e dixitais. | ▪ B3.4. Iníciase no coñecemento das unidades básicas de medida do tempo e as súas relacións, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria. | ▪ MTB3.4.1. Coñece e utiliza as unidades de medida do tempo e as súas relación. Minuto, hora, día, semana e ano. | ▪ Coñece as unidades de medida do tempo | ▪ CMCT | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| | | | ▪ MTB3.4.2. Le en reloxos analóxicos e dixitais a hora en punto e a media hora. | ▪ Le en reloxos analóxicos e dixitais a hora en punto e a media hora. | ▪ CMCT | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| | | | ▪ MTB3.4.3. Resolve problemas sinxelos da vida diaria utilizando as medidas temporais e as súas relacións. | ▪ Sabe cales e cantos son os días da semana, os meses do ano e as estacións. | ▪ CMCT | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| ▪ b<br>▪ g | ▪ B3.5. O sistema monetario da Unión Europea. Unidade principal: o euro. Valor das diferentes moedas e billetes.<br>▪ B3.6. Equivalencias entre moedas e billetes. | ▪ B3.5. Iníciase no coñecemento do valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea. | ▪ MTB3.5.1. Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes (5,10, 20 e 50 euros) do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas. | ▪ Coñece o valor das moedas e billetes. | ▪ CMCT<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| ▪ b<br>▪ g | ▪ B3.7. Resolución de problemas de medida. | ▪ B3.6. Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas. | ▪ MTB3.6.1. Resolve problemas sinxelos de medida. | ▪ Resolve problemas sinxelos de medida. | ▪ CMCT<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| | | | ▪ MTB3.6.2. Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas e as unidades dos resultados. | ▪ Comproba e interpreta os resultados dos problemas. | ▪ CMCT<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas<br>▪ Proba oral |
| BLOQUE 4. XEOMETRÍA | | | | | | |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B4.1. Interpretación de representacións espaciais sinxelas | ▪ B4.1. Interpretar representacións espaciais sinxelas realizadas a partir | ▪ MTB4.1.1. Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación | ▪ Comprende os conceptos esquerda- | ▪ CMCT<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Caderno |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ g | en situacións da vida cotiá.<br>▪ B4.2. Descrición de posicións e movementos, en relación a un mesmo e a outros puntos de referencia.<br>▪ B4.3. Interese e curiosidade pola identificación das formas e dos seus elementos característicos.<br>▪ B4.4. Confianza nas propias posibilidades; curiosidade, interese e constancia na busca de solucións.<br>▪ B4.5. Uso do vocabulario xeométrico para describir itinerarios: liñas abertas e pechadas; rectas e curvas.<br>▪ B4.6. Busca de elementos de regularidade en figuras e corpos a partir da manipulación de obxectos. | de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares. | a un mesmo utilizando os conceptos de esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaixo, preto-lonxe e próximo-afastado. | dereita, diante-detrás, arriba-abaixo, preto-lonxe e próximo-afastado. | ▪ CCL | ▪ Fichas<br>▪ Proba oral |
| | | | ▪ MTB4.1.2. Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a outros puntos de referencia utilizando os conceptos de esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaixo, preto-lonxe e próximo-afastado. | ▪ Comprende os conceptos esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaixo, preto-lonxe e próximo-afastado. | ▪ CMCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas<br>▪ Proba oral |
| ▪ b<br>▪ g | ▪ B4.7. Formas planas e espaciais: clasificación de figuras planas. | ▪ B4.2. Coñecer as figuras planas básicas: cadrado, círculo, rectángulo e triángulo. | ▪ MTB4.2.1. Recoñece formas rectangulares, triangulares e circulares en obxectos do contorno inmediato. | ▪ Recoñece o rectángulo, o triángulo e círculo. | ▪ CMCT<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas<br>▪ Proba oral |
| ▪ b<br>▪ g | ▪ B4.8. Resolución de problemas de xeometría relacionados coa vida cotiá. | ▪ B4.3. Identificar, resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas. | ▪ MTB4.3.1. Resolve problemas xeométricos sinxelos que impliquen dominio dos contidos traballados. | ▪ Resolve problemas xeométricos sinxelos. | ▪ CMCT<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas<br>▪ Proba oral |
| | | | ▪ MTB4.3.2. Iníciase na reflexión sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto. | ▪ Comproba e interpreta os resultados dos problemas. | ▪ CMCT<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas<br>▪ Proba oral |
| BLOQUE 5. ESTATÍSTICA E PROBABILIDADE | | | | | | |
| ▪ b<br>▪ g | ▪ B5.1. Recollida e clasificación de datos. | ▪ B5.1. Recoller e rexistrar unha información que se poida cuantificar, utilizando algúns recursos sinxelos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais… comunicando a información. | ▪ MTB5.1.1.Rexistra e interpreta datos sinxelos en representacións gráficas básicas. | ▪ Realiza e interpreta gráficas sinxelas. | ▪ CMCT<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas<br>▪ Climograma |
| | | | ▪ MTB5.1.2. Resolve sinxelos problemas nos que interveña a lectura de gráficos. | ▪ É quen de interpretar gráficos sinxelos. | ▪ CMCT<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Caderno |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | ▪ Fichas<br>▪ Proba oral |

### *4.1.2.Estándares de aprendizaxe mínimos en caso de actividade lectiva non presencial*

En caso de establecerse un período longo de actividade lectiva non presencial, consideraranse como estándares de aprendizaxe imprescindibles os seguintes:

- ✓ Realiza sumas e restas sinxelas.
- ✓ Resolve problemas sinxelos de sumas e restas.
- ✓ Le, escribe e ordena os números ata o 99.
- ✓ Comprende os conceptos de peso e capacidade.
- ✓ Sabe cales e cantos son os días da semana, os meses do ano e as estacións.
- ✓ Coñece o valor das moedas e billetes.
- ✓ Comprende os conceptos esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaixo, preto-lonxe e próximo-afastado.
- ✓ Recoñece o rectángulo, o triángulo e círculo.

### *4.1.3.Temporalización*

Para esta materia non se realiza a principio de curso unha temporalización pechada que faga corresponder cada un dos contidos a tratar cunha das semanas lectivas do curso. Os contidos iranse traballando en función dos intereses do alumnado e das necesidades que o docente vaia percibindo no grupo - clase.

O papel do docente será ir dirixindo e redireccionando as inquedanzas dos discentes, ilas adaptando ao currículo de 1º e asegurarse da adquisición de cada unha das competencias e do tratamento de cada un dos distintos contidos do curso.

Máis alá do momento en que se vaia a traballar cada un dos conceptos, o importante é que se traballen todos.

A través deste documento, o docente poderá rexistrar, de forma diaria e sistemática, o traballo realizado e as aprendizaxes adquiridas. Deste xeito, a temporalización irase realizando de xeito semanal ou quincenal. Así, asegurámonos de que o aprendizaxe é o máis significativo posible para o alumnado, xa que a temporalización vaise creando en función dos seus propios intereses, das aprendizaxes que xa teñen adquiridas e das necesidades do grupo, tendo sempre en conta as esixencias do currículo.

### *4.1.4.Concrecións metodolóxicas*

Potenciarase un enfoque globalizador e interdisciplinario que teña en conta a transversalidade da aprendizaxe fundamentada en competencias.

Os métodos utilizados partirán da perspectiva do docente como orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial no alumnado. Ademais, enfocarase á realización de tarefas ou situacións-problema nas que o alumnado debe resolver facendo uso axeitado dos distintos tipos de coñecementos matemáticos, destrezas, actitudes e valores. Así mesmo, mediante prácticas de traballo individual e cooperativo, terase en conta a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe.

As estruturas de aprendizaxe cooperativa posibilitarán a resolución conxunta das tarefas e dos problemas, e potenciarán a inclusión do alumnado.

Resulta fundamental a motivación por aprender nos alumnos e nas alumnas, polo que se procurará xerar neles a curiosidade e a necesidade de adquirir e aplicar coñecementos, destrezas, actitudes e valores.

O traballo por proxectos, especialmente relevante para a aprendizaxe por competencias, susténtase na proposta dun plan de acción co que se busca conseguir un determinado resultado práctico. Esta metodoloxía pretende axudarlle ao alumnado a organizar o seu pensamento favorecendo nel a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora a través dun proceso no que cada un asume a responsabilidade da súa aprendizaxe, aplicando os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais.

Pontenciarase o uso dunha variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe que permiten o acceso a recursos virtuais.

A implicación das familias no proceso de ensino-aprendizaxe é un factor determinante que se tentará potenciar activamente. A súa colaboración redundará positivamente no rendemento e nos resultados académicos do alumnado.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

Terase en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo el e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.

### *4.1.5.Materiais e recursos didácticos*

Para a área de matemáticas empregaremos:

- ✓ Lapis, goma e afialapis
- ✓ Un caderno grande “Cuadrovía Lamela” de 4 mm
- ✓ Libro de texto da editorial Santillana
- ✓ Un block de dúas anillas para ir arquivando o traballo rematado
- ✓ Diverso material escolar (tesoira, pegamento, lapis de cores, ceras, rotuladores, ...)
- ✓ O ordenador e o proxector da aula
- ✓ Os ordenadores da biblioteca
- ✓ Revistas, xornais, folletos, carteis, ...
- ✓ Calculadora, regra, metro, xogos de moedas e billetes, pesas e básculas, recipientes varios, moldes, ...
- ✓ Tangram, regletas, xogos matemáticos,quebracabezas, puzles, xogos de mesa ...

### *4.1.6.Avaliación e criterios de cualificación do alumnado*

A finalidade principal da **avaliación** é obter a información que permita adecuar o proceso de ensinanza ao progreso real na construción de aprendizaxes do alumnado. Á hora de avaliar, é necesario considerar a existencia ou non dunha madurez persoal que lle permita ó discente afrontar estudios posteriores. A avaliación polo tanto, non se refire só aos conceptos aprehendidos, senón que deberá basearse en:

- ✓ A aptitude, a facilidade mostrada ante cada unha das materias.
- ✓ A comprensión e aplicación do aprendido en situacións de práctica.
- ✓ A actitude, referida esta ao interese, á axuda aos demais, ao comportamento social, ...

Ademais disto, débense ter en conta os tres tipos de avaliación dos que dispoñemos:

- ✓ Avaliación inicial ou diagnóstica: é a que nos di se o alumnado domina realmente os contidos que teñen carácter previo respecto a unha nova aprendizaxe. Isto é o único que garante a aprendizaxe significativa.
- ✓ Avaliación formativa ou continua: prodúcese ao longo do desenrolo da materia e implica a detección de como cada alumno/-a se sitúa na actividade escolar.
- ✓ Avaliación final ou sumativa: baseada no aprendido a partir da avaliación inicial.

Deste xeito o proceso de avaliación ten maior fiabilidade que cunha única avaliación final, xa que partimos dun punto coñecido e podemos comprobar as melloras experimentadas polo alumnado ao longo da aprendizaxe a partir dos seus coñecementos previos. Así, se o suxeito posúe xa os mínimos esixidos na materia faise necesario deseñar unha actuación con actividades de ampliación sobre o programa previsto. En resumo, que á hora de avaliar ten que contar máis o que se aprende que o que se sabe, é dicir, que se debe considerar a consecución dos obxectivos partindo das capacidades.

O referente para avaliar as aprendizaxes do alumnado son os **criterios de avaliación** e a súa concreción nos estándares de aprendizaxe avaliables e no grao de consecución dos mesmos. No deseño das situacións de aprendizaxe tomaranse en consideración tódolos elementos do currículo, entre eles os procedementos e instrumentos de avaliación, así como os **criterios de cualificación** que permitan avaliar tanto os resultados de área como o nivel competencial alcanzado polos alumnos e as alumnas.

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de Insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, Suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NT) ou Sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

- ✓Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.
- ✓Suficiente: 5.
- ✓Ben: 6.
- ✓Notable: 7 ou 8.
- ✓Sobresaliente: 9 ou 10.

Os criterios para a cualificación baséanse nas seguintes porcentaxes:

- ✓Operacións e cálculo 25%
- ✓Resolución de problemas 25%
- ✓Conceptos 10%
- ✓Traballo diario 20%
- ✓Actitude e participación 20%

### *4.1.7.Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados*

No primeiro mes de clase, realizaranse unha serie de probas e exercicios para determinar os coñecementos que o alumnado xa ten adquiridos e os que non.

Ao tratarse de nenos e nenas de 1º curso, será necesario deseñar probas moi variadas que avalíen tamén o estado madurativo do alumno/-a, o nivel de autonomía, a asimilación das normas, o interese polo colexio, a disposición para aprender, ...

Faranse polo tanto algunhas pequenas probas de lectura e de escritura, probas orais de comprensión, de razoamento, de lóxica, ...

Nesta idade é moi importante que a avaliación teña tamén en conta a observación diaria e sistemática de cada un dos nenos e nenas dentro da aula, xa que isto aporta moitos datos e moita información do alumnado de xeito individual e tamén a nivel de grupo.

O departamento de orientación, pasará tamén unhas probas específicas a toda a clase, tanto para apoiar esta avaliación inicial, como para detectar posibles necesidades específicas de apoio educativo.

A base é que o alumnado elabore significados propios a partir dos coñecementos adquiridos con anterioridade. Os puntos de partida de calquera actividade deberán ser as experiencias ou coñecementos previos, así como a realidade máis próxima ao alumnado, de xeito que isto posibilite a construción de novas aprendizaxes sobre o xa aprendido.

Polo tanto, o feito de ter en conta os resultados da avaliación inicial, é un punto clave para que o proceso de ensinanza aprendizaxe funcione.

Por suposto, o alumnado presentará resultados moi diversos e mostrará distintos niveis de aprendizaxe. Estes resultados son os que deben guiar a práctica docente. En base a estes resultados, debe axustarse a programación e o proceso de individualización dentro da aula.

### *4.1.8.Aprendizaxes non adquiridas no curso 2019-2020*

Na avaliación inicial haberá que prestar especial atención ás aprendizaxes que non foron adquiridas polo alumnado durante o pasado curso.

Ao tratarse do 1º curso de Primaria, e debido á situación de actividade lectiva non presencial que se deu no curso pasado, as diferenzas entre os niveis do alumnado poden ser moi grandes. Sendo nenos e nenas de tan curta idade, só podían seguir o traballo na casa co apoio continuado das familias e isto non foi posible en tódolos casos.

Así e todo, na Educación Infantil non se pretende que o alumnado chegue a Primaria coa lectoescritura totalmente adquirida, polo que as aprendizaxes non adquiridas no curso pasado non teñen por que afectar de xeito moi significativo ao 1º curso de Primaria.

Ao comezo do curso e coa finalidade de adecuar as ensinanzas da materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe, realizarase unha avaliación inicial de cada área incidindo na obtención de información sobre os coñecementos previos do alumnado na materia e o grao de desenvolvemento das competencias clave e os estándares de aprendizaxe.

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

Será de gran importancia a coordinación de todo o profesorado que imparta docencia en cada grupo a fin de tomar medidas conxuntas que faciliten o progreso do alumnado.

Despois desta reflexión inicial o alumnado realizará unha pequena avaliación inicial de cada unidade para ir adaptando o nivel nas competencias claves e o contido da materia.

*Avaliación continua*

A avaliación será continua e formativa , tratando de atender a todo o proceso de ensino aprendizaxe, coa observación e seguimento do alumno:

- ✓Recollida periódica do caderno.
- ✓Actividades realizadas en clase ou na casa que se recollerán para avaliar de maneira individualizada: exercicios, resumes, esquemas e mapas conceptuais
- ✓Exposicións orais, traballos, informes..
- ✓Traballos en grupo

Estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, tendo en conta as directrices marcadas pola orientadora.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o adecuado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como sexan detectadas as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

*Avaliación final*

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliables.

Avaliaranse as aprendizaxes do alumnado mediante os indicadores de logro.

**4.2.5.2. Criterios de cualificación**

Os alumnos/as, realizarán probas orais, sobre o estudado. Tamén se terán en conta o estado dos cadernos, material de clase, deberes e actitudes. Os conceptos e procedementos aportan o 50 % da nota, as actitudes o 10 %, o traballo na aula o 40%

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de insuficiente(IN) para as cualificacións negativas, suficiente(SU), ben(BE), notable(NT) ou sobresaínte(SB) para as cualificacións positivas. A estes termos engadiráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

- Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.
- Suficiente: 5.
- Ben: 6.
- Notable: 7 ou 8.
- Sobresaliente: 9 ou 10.

### *4.2.6.Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados*

Como primeiro paso se analizarán as actas finais do curso anterior do grupo de alumnos e os informes individualizados dos mesmos.

A comezo do curso se realizarán probas no marco da primeira quincena de clases, durante o mes de setembro, para avaliar o estado dos coñecementos do alumnado e marcarnos o punto de partida do noso traballo. Estas probas se farán tendo en conta os estándares do curso anterior.

Os instrumentos de avaliación serán fundamentalmente listaxes de control e listas de verificación, e a análise da actividade desenvolvida na aula. Recollidos os datos da avaliación inicial se determinarán aqueles estándares que requiran dun tratamento máis intenso de cara a garantir un aproveitamento axeitado do curso.

### *4.2.7.Contidos mínimos en caso de actividade lectiva non presencial*

Tendo en conta a situación xerada pola crise socio-sanitaria na que nos atopamos na actualidade debido á presenza do COVID-19, en caso de ter que levar a cabo a actividade lectiva non presencial, realizo a adaptación de Programación Didáctica de Lingua Castelá e Literatura correspondente concretamente ao curso 2020/2021.

Os aspectos relevantes a ter en conta nesta situación excepcional, virarán ao redor de catro obxectivos elementais a acadar ao longo do curso por medio dun proceso de ensino e aprendizaxe baseado na atención telemática dos nenos e nenas e das súas familias, potenciando o emprego dos recursos TIC como ferramenta de traballo fundamental. Ditos obxectivos primordiais que expoño constitúen:

- Favorecer o progreso no desenvolvemento das capacidades e competencias do alumnado, estimulando o seu desenvolvemento integral e harmónico.
- Incentivar a motivación do alumnado de cara á aprendizaxe, estimulando o seu interese e a súa ilusión por aprender, por continuar o seu proceso de aprendizaxe.
- Potenciar, na medida do posible, o vínculo emocional entre os nenos e nenas e entre as familias.
- Proporcionar ao alumnado as ferramentas necesarias para o inicio na etapa de Educación Primaria.

É por iso que persigo a integración curricular das competencias no proceso de ensino e aprendizaxe ordinario, sendo preciso, dada a situación excepcional na que nos atopamos, establecer unha serie de competencias que resultan mínimas, imprescindibles e indispensables para que o alumnado desenvolva a súa escolarización no primeiro nivel da etapa de primaria do xeito máis satisfactorio que sexa posible, establecendo unha serie de criterios de avaliación, estruturados en base a estándares de aprendizaxe, que orienten a planificación das actividades a desenvolver nos distintos trimestres e sirvan de referente no momento de avaliar o proceso de desenvolvemento e aprendizaxe dos nenos e nenas.

| | Contidos Mínimos | Grao consecución | CC |
|---|---|---|---|
| **LINGUA CASTELÁ** | **Comunicación oral: Falar e escoitar**<br>▪ **B1.1.** Estratexias e normas para o intercambio comunicativo: participación; escoita; respecto á quenda de palabra; respecto polos sentimentos dos e das demais. | Expresa de forma global sentimentos, vivencias e emocións propias.<br>Participa activamente en diversas situacións de comunicación, respectando as normas sociocomunicativas. | CCL<br>CAA<br>CSC |
| | ▪ **B1.6.** Comprensión global de textos orais de diversa tipoloxía. | Comprende o sentido global dun texto oral de uso cotiá. | CCL CAA |
| | ▪ **B1.10** Produción de textos orais breves e sinxelos próximos aos seus gustos e intereses. | Narra situacións e experiencias persoais sinxelas.<br>Utiliza con corrección expresións temporais para situarse nas rutinas. | CCL CSIEE |
| | ▪ **B1.12.** Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar e preguntar. | Pide axuda para a realización de distintas tarefas. | CCL CAA<br>CSC CSIEE |
| | **Comunicación escrita: Ler**<br>▪ **B2.4.** Lectura de diferentes textos como fonte de información e de lecer . | Sabe expresar o seu gusto pola lectura como fonte de lecer. | CCL |
| | **Comunicación escrita: Escribir**<br>▪ **B3.1.** Recoñecemento e utilización de recursos gráficos na comunicación escrita. | Relaciona os códigos oral e escrito: discrimina sons nas palabras e consolida aspectos grafomotores e grafías da lingua en palabras significativas. | CCL |
| | | Utiliza a creatividade na ilustracións de textos. | CCL |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | ▪ **B3.2.** Uso de elementos lingüísticos e non lingüísticos na comunicación escrita.<br>**<u>Coñecemento da lingua:</u>**<br>▪ **B4.1.** A palabra. Iniciación ao orde alfabético. Recoñecemento das características e uso das diferentes clases de palabras. Xénero e número do nome. Tempos verbais.<br>**<u>Educación literaria:</u>**<br>▪ **B5.1.** Coñecemento e lectura guiada de contos tradicionais: marabillosos, de fórmulas, de animais.<br>▪ **B5.2.** Valoración dos textos literarios como fonte de gozo persoal. | Desenvolve a conciencia fonolóxica: identifica sílabas e fonemas como elementos fundamentais da palabra. Recoñece o alfabeto e iníciase na orde alfabética.<br>Identifica sinxelos textos propios da literatura infantil.<br>Mostra interese pola escrita de textos literarios sinxelos. | CCL<br>CCL CCEC<br>CCL CCEC |

## *4.2.8.Aprendizaxes non adquiridas no curso 2019-2020*

Na área de Lengua e Literatura as aprendizaxes non adquiridas están relacionadas coa expresión de sentimentos, vivencias e emocións propias, coa iniciación na lectura a partir de palabras e textos significativos, presentando carencias en relación ao desenvolvemento da conciencia fonolóxica (discriminación de sons nas palabras) e cos aspectos grafomotores que repercuten na iniciación da expresión escrita das grafías (trazo e direccionalidade), aspectos que deberán ser reforzados para a súa completa adquisición.

## *4.2.9.Plan de recuperación*

Co obxectivo de acadar un pleno desenvolvemento das súas capacidades cognitivas, comunicativas, interpersoais e artísticas que favorezan a súa incorporación na etapa educativa de Educación Primaria, establécese un plan de recuperación para a área de Lingua Castelá baseado no reforzo e tratamento de forma transversal dos seguintes aspectos:

- Identificación dos propios sentimentos, emocións, necesidades e preferencias.
- Realización de xogos que lles permitan mostrar destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas.
- Actividades de conciencia fonolóxica.
- Iniciación na lectoescritura a partir de palabras e textos significativos.

A metodoloxía de traballo exposta para este plan de recuperación baséase nunha serie de principios educativos fundamentais:

- CONSISTENCIA EVOLUTIVA, tendo en conta o nivel evolutivo do meu alumnado na planificación das actividades e experiencias.
- INDIVIDUALIZACIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE, ofertando unha educación personalizada, tendo en conta as necesidades e intereses do alumnado, perseguindo o desenvolvemento global de todas as súas capacidades, apoiándome no Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA).
- GAMIFICACIÓN, partindo de propostas motivadoras que incentiven aos nenos e nenas a participar.
- ACTIVIDADE INFANTIL, situando ao alumnado como centro de todo o proceso de ensino e aprendizaxe, proporcionando situacións nas que sexan protagonistas, experimenten, fagan propostas, reflexionen, tomen decisións e sexan partícipes de forma activa.
- APRENDIZAXE BASEADA EN XOGOS, convertendo a actividade lúdica no principal instrumento de intervención, permitindo ao alumnado desenvolver as súas habilidades perceptivo-motrices, cognitivas e sociais.
- PRINCIPIO DE REDUNDANCIA, proporcionando ao alumnado o mesmo contido pero a partir de diferentes soportes ou referentes, favorecendo así a súa interiorización.

## 4.3. Lingua galega e literatura. Alba Amoedo.

### *4.3.1.Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, grao de consecución, competencias clave e procedementos de avaliación*

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR | | | | | | |
| ▪ a<br>▪ e | ▪ B1.1. Comprensión de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, para obter información xeral e relevante sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia infantil. | ▪ B1.1. Comprender a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil. | ▪ LGB1.1.1. Comprende a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil. | ▪ Comprende o sentido global dun texto oral de uso cotiá. | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas<br>▪ Asemblea |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ i | ▪ B1.2. Comprensión global e específica de informacións audiovisuais moi sinxelas procedentes de diferentes soportes. | ▪ B1.2. Comprender informacións audiovisuais sinxelas de carácter específico procedentes de diferentes soportes. | ▪ LGB1.2.1. Comprende informacións relevantes e específicas moi evidentes de documentos audiovisuais sinxelos que presenten imaxes e/ou sons moi redundantes co contido. | ▪ Comprende a información básica dun vídeo sinxelo. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B1.3. Comprensión e produción de textos orais moi sinxelos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (breves exposicións ante a clase, conversas sobre contidos de aprendizaxe e explicación sobre a organización do traballo). | ▪ B1.3. Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico. | ▪ LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso. | ▪ Participa nas conversas. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSEIEE | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ LGB1.3.2. Sigue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo. | ▪ Segue as explicacións da aula. | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| | | | ▪ LGB1.3.3. Elabora e produce textos orais moi breves e sinxelos ante a clase. | ▪ Elabora e produce textos orais ante a clase. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ LGB1.3.4. Participa no traballo en pequeno grupo. | ▪ Iniciase na participación do traballo en grupo | ▪ CCL<br>▪ CSIEE<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Equipos |
| ▪ a | ▪ B1.4. Actitude de escoita adecuada | ▪ B1.4. Manter unha adecuada actitude | ▪ LGB1.4.1. Atende as intervencións | ▪ Atende cando falan os | ▪ CCL | ▪ Observación |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ c<br>▪ e<br>▪ o | nas diferentes situacións comunicativas cotiás (conversas e exposicións orais) e respecto polas opinións de quen fala, sen interrupcións inadecuadas. | de escoita, ante situacións comunicativas cotiás, respectando as intervencións dos e das demais. | dos e das demais, en conversas e exposicións, sen interromper. | outros. | ▪ CSC | ▪ Asemblea |
| | | | ▪ LGB1.4.2. Respecta as opinións da persoa que fala, en situacións comunicativas cotiás. | ▪ Respecta as opinións dos outros. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Observación<br>▪ Asemblea<br>▪ Equipos |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B1.5. Participación e cooperación nas situacións comunicativas da aula (peticións, anuncios, ordes, explicacións sinxelas, avisos, instrucións, conversas ou pequenas narracións), con respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, mantemento do tema, mostra de interese, mirar a quen fala e actitude receptiva de escoita). | ▪ B1.5. Participar nas diversas situacións de interacción oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral. | ▪ LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais. | ▪ Respecta as quendas de palabra. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ LGB1.5.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais. | ▪ Respecta as opinións dos outros. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ LG1.5.3. Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela. | ▪ Utiliza e valora o uso da lingua galega. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ LGB1.5.4. Mira a quen fala nun intercambio comunicativo oral. | ▪ Mira ás persoas cando falan. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ LGB1.5.5. Mantén o tema nun intercambio comunicativo oral, mostra interese e unha actitude receptiva de escoita. | ▪ Mantén o tema da conversa. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ LGB1.5.6. Participa na conversa formulando e contestando preguntas. | ▪ Participa na conversa formulando e contestando preguntas. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e | ▪ B1.6. Uso de fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda. | ▪ B1.6. Usar fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas nos intercambios comunicativos máis habituais. | ▪ LGB1.6.1. Usa fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda. | ▪ Usa fórmulas sinxelas de cortesía | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Observación |
| ▪ b | ▪ B1.7. Actitude de cooperación e de | ▪ B1.7. Amosar respecto e cooperación | ▪ LGB1.7.1. Amosa respecto ás ideas | ▪ Traballa en pequeno | ▪ CCL | ▪ Observación |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ o | respecto en situacións de aprendizaxe compartida. | nas situacións de aprendizaxe en pequeno grupo. | dos e das demais e contribúe ao traballo en pequeno grupo. | grupo, respectando as ideas dos demais | ▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ Equipos |
| ▪ E<br>▪ o | ▪ B1.8. Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas. | ▪ B1.8. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas. | ▪ LGB1.8.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo e propia da lingua galega. | ▪ Ten interese por expresarse en lingua galega con corrección. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CSIEE | ▪ Observación |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B1.9. Recoñecemento de usos de linguaxe discriminatoria coas diferenzas. | ▪ B1.9. Recoñecer usos de linguaxe discriminatoria coas diferenzas. | ▪ LGB1.9.1. Identifica o uso da linguaxe discriminatoria e sexista evidente. | ▪ Recoñece algunhas palabras discriminatorias e sexistas. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ LGB1.9.2. Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas, en especial as referentes ao xénero, ás razas e ás etnias. | ▪ Diríxese ás persoas con respecto. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Observación |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ e | ▪ B1.10.Identificación da lingua galega con diversos contextos de uso oral da lingua: en diferentes ámbitos profesionais (sanidade, educación, medios de comunicación...) e en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas. | ▪ B1.10. Identificar a lingua galega con diversos contextos de uso oral. | ▪ LGB1.10.1. Identifica a lingua galega oral con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación... | ▪ Iníciase na identificación do uso do galego en diversos contextos | ▪ CCL<br>▪ CCEC | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ LGB1.10.2. Recoñece a posibilidade de uso da lingua galega en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas. | ▪ Recoñece a posibilidade de expresarse en galego en diversas situacións. | ▪ CCL<br>▪ CCEC<br>▪ CSC | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER | | | | | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ l<br>▪ j<br>▪ o | ▪ B2.1. Comprensión de informacións concretas en textos de uso cotián como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.<br>▪ B2.2. Comprensión de información xeral sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado | ▪ B2.1. Comprender a información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou procedentes dos medios de comunicación. | ▪ LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado, procedentes dos medios de comunicación social. | ▪ Comprende a información principal dun texto sinxelo dos medios de comunicación social. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CSC | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas<br>▪ Asemblea |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | en textos breves e sinxelos procedentes dos medios de comunicación social, especialmente a noticia.<br>▪ B2.3. Localización de información en textos para aprender vinculados á experiencia, tanto en textos producidos con finalidade didáctica como nos de uso cotián (folletos, descricións, instrucións e explicacións). | | ▪ LGB2.1.2. Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas. | ▪ Comprende información concreta dun texto sinxelo de uso cotiá. | ▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ LGB2.1.3. Localiza información en textos breves e sinxelos vinculados á experiencia, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descricións, instrucións e explicacións). | ▪ Busca información en diversos textos sinxelos de uso cotiá | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas<br>▪ Traballos |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B2.4. Interpretación da información das ilustracións. | ▪ B2.2. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de ilustracións. | ▪ LGB2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións. | ▪ Iniciase na interpretación da información de ilustracións. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CMCT | ▪ Observación<br>▪ Provas |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e | ▪ B2.5. Lectura guiada de textos sinxelos adecuados aos intereses infantís para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras. | ▪ B2.3. Ler, de forma guiada, textos sinxelos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras. | ▪ LGB2.3.1. Descodifica de forma axeitada na lectura de textos moi sinxelos. | ▪ Le de forma axeitada textos moi sinxelos. | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Provas |
| | | | ▪ LGB2.3.2. Le textos sinxelos en voz alta, acadando progresivamente a velocidade axeitada. | ▪ Le textos sinxelos en voz alta. | ▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Provas |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ i | ▪ B2.6. Introdución ao uso xeral das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos. | ▪ B2.4. Usar as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento. | ▪ LGB2.4.1. Utiliza as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas e máis sinxelas do seu funcionamento. | ▪ Respecta as normas básicas de biblioteca de aula e de centro. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ Observación<br>▪ Biblioteca |
| | | | ▪ LGB2.4.2. Valora a utilidade das bibliotecas de aula e de centro e manipula os libros con coidado, devolvéndoos ao seu sitio logo de lelos. | ▪ Valora a utilidade das bibliotecas. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ Observación<br>▪ Biblioteca |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e | ▪ B2.7. Iniciación á creación da biblioteca persoal. | ▪ B2.5. Ter interese por ter unha biblioteca propia. | ▪ LGB2.5.1. Amosa interese pola conservación e organización dos seus libros. | ▪ Interésase pola organización e coidado dos libros. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ Observación<br>▪ Biblioteca |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e | ▪ B2.8. Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias e de regulación da convivencia. | ▪ B2.6. Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación. | ▪ LGB2.6.1. Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación. | ▪ Valora a lectura como fonte de aprendizaxe e comunicación. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ m | ▪ B2.9. Adquisición progresiva da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais. | ▪ B2.7. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias. | ▪ LGB2.7.1. Selecciona textos do seu interese con certa autonomía, en función dos seus gustos e preferencias e explica dun xeito moi sinxelo, as súas preferencias lectoras. | ▪ Iníciase na autonomía de selección de textos da súa preferencia. | ▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Biblioteca |
| | | | ▪ LGB2.7.2. Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas. | ▪ Iniciase na opinión e valoración das lecturas feitas. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ Observación<br>▪ Biblioteca |
| BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR | | | | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e | ▪ B3.1. Produción e reescritura de textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos.<br>▪ B3.2. Composición de textos moi sinxelos propios dos medios de comunicación social e/ou dos seus elementos (novas sinxelas e breves, titulares, pés de foto…) sobre acontecementos próximos á experiencia do alumnado en soportes habituais no ámbito escolar.<br>▪ B3.3. Composición de textos moi sinxelos relacionados coa escola para organizar e comunicar información (listaxes, descricións, explicacións elementais). | ▪ B3.1. Producir e reescribir textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola, respectando as convencións elementais da escrita. | ▪ LGB3.1.1. Produce e reescribe textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos. | ▪ Iníciase na produción de textos sinxelos. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| | | | ▪ LGB3.1.2. Elabora pequenos textos con certa coherencia e de xeito creativo. | ▪ Iníciase na produción de textos sinxelos. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| | | | ▪ LGB3.1.3. Usa o punto nos seus escritos. | ▪ Usa o punto nos seus escritos. | ▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| | | | ▪ LGB3.1.4. Interésase por aplicar as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas. | ▪ Interésase pola utilización do uso das maiúsculas | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | ▪ B3.4. Respecto polas convencións xerais da escrita: uso das maiúsculas e do punto. | | ▪ LGB3.1.5. Compón pequenos textos propios dos medios de comunicación social e/ou dos seus elementos (novas sinxelas e breves, titulares, pés de foto…) sobre acontecementos próximos á súa experiencia. | ▪ Iníciase na composición de textos sinxelos relacionados coa propia experiencia. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| | | | ▪ LGB3.1.6. Compón textos relacionados coa escola: listaxes,descricións e explicacións elementais. | ▪ Iníciase na composición de textos sinxelos relacionados coa escola. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e | ▪ B3.5. Utilización de xeito guiado de estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de *para quen*, e *que* escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto). | ▪ B3.2. Utilizar de xeito guiado estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de *para quen*, e *que* escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto). | ▪ LGB3.2.1. Utiliza de xeito guiado estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de *para quen*, e *que* escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto). | ▪ Iníciase na produción de textos de distintos tipos. | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ j<br>▪ o | ▪ B3.6. Creación de textos moi sinxelos con intención informativa utilizando a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic. | ▪ B3.3. Elaborar textos moi sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal. | ▪ LGB3.3.1. Elabora textos moi sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic. | ▪ Iníciase na elaboración de textos sinxelos con linguaxe verbal e non verbal. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Traballos |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B3.7. Iniciación á utilización de programas informáticos de procesamento de textos. | ▪ B3.4. Usar, de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto. | ▪ LGB3.4.1. Usa de xeito guiado, programas informáticos de procesamento. | ▪ Iníciase no uso do ordenador. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ Observación<br>▪ Informática |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B3.8. Utilización de elementos gráficos sinxelos, como a ilustración, para facilitar a comprensión. | ▪ B3.5. Utilizar recursos gráficos, como a ilustración, que faciliten a comprensión dos textos. | ▪ LGB3.5.1. Ilustra creativamente os seus escritos con imaxes redundantes co seu contido. | ▪ Ilustra os seus escritos con creatividade. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CSIEE | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e | ▪ B3.9. Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica. | ▪ B3.6. Interesarse pola presentación dos traballos escritos e valorar a lingua escrita como medio de | ▪ LGB3.6.1. Interésase pola presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación | ▪ Presenta os textos limpos e ordenados. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Caderno |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ i | ▪ B3.10. Interese polos textos escritos como medio de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias, de regulación da convivencia e de expresión creativa. | comunicación e de expresión creativa. | establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica. | | | ▪ Fichas |
| | | | ▪ LGB3.6.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa. | ▪ Valora a lingua escrita como medio de comunicación. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA | | | | | | |
| ▪ e | ▪ B4.1. Inicio na identificación implícita e uso dalgúns termos lingüísticos elementais: denominación dos textos traballados; palabra e sílaba, nome propio.<br>▪ B4.2. Observación das variacións morfolóxicas (de singular e plural, feminino e masculino) en textos. | ▪ B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical moi básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua. | ▪ LGB4.1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, de forma xeral, palabras e sílabas | ▪ Recoñece palabras e sílabas, en textos sinxelos. | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| | | | ▪ LGB4.1.2. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra. | ▪ Iníciase na separación das sílabas dunha palabra. | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| | | | ▪ LGB4.1.3. Identifica os nomes propios a partir de palabras dadas, frases ou textos. | ▪ Iníciase na identificación dos nomes propios. | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| | | | ▪ LGB4.1.4. Sinala o xénero e número de palabras dadas. | ▪ Identifica o xénero e número de palabras sinxelas. | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B4.3. Iniciación ao coñecemento das normas ortográficas máis sinxelas. | ▪ B4.2. Coñecer, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas. | ▪ LGB4.2.1. Coñece, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas. | ▪ Iniciase na utilización de regras ortográficas básicas. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| ▪ e | ▪ B4.4. Recoñecemento da relación entre son e grafía no sistema lingüístico galego.<br>▪ B4.5. Identificación da palabra como instrumento para a segmentación da escritura. | ▪ B4.3. Recoñecer a relación entre son e grafía así como as palabras como instrumento para a segmentación da escritura. | ▪ LGB4.3.1. Recoñece a relación entre son e grafía. | ▪ Recoñece a relación entre son e grafía. | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| | | | ▪ LGB4.3.2. Separa as palabras que conforman un enunciado. | ▪ Separa as palabras que conforman un enunciado. | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ e<br>▪ o | ▪ B4.6. Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. | ▪ B4.4. Comparar aspectos moi básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada. | ▪ LGB4.4.1. Compara aspectos moi elementais e evidentes (gráficos, fonéticos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece. | ▪ Fai pequenas comparacións entre diferentes linguas. | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA | | | | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B5.1. Recreación e reescritura moi sinxela, usando modelos, de diversos textos literarios (narrativos ou poéticos): breves contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte.<br>▪ B5.2. Valoración e aprecio do texto literario galego como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal. | ▪ B5.1. Recrear e reescribir de xeito moi sinxelo diversos textos literarios, usando modelos. | ▪ LGB5.1.1. Recrea e reescribe de xeito moi sinxelo diversos textos literarios: breves contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos. | ▪ Reescribe e expón textos literarios sinxelos. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Provas |
| | | | ▪ LGB5.1.2. Valora textos breves e sinxelos da literatura galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal. | ▪ Valora como fonte de pracer os textos en lingua galega. | ▪ CCL<br>▪ CCEC | ▪ Observación<br>▪ Asemblea<br>▪ Biblioteca |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ i | ▪ B5.3. Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras. | ▪ B5.2. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras. | ▪ LGB5.2.1. Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora. | ▪ Iníciase na lectura silenciosa. | ▪ CCL<br>▪ CCEC<br>▪ CD | ▪ Observación<br>▪ Provas |
| | | | ▪ LGB5.2.2. Le, de forma guiada e en voz alta, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade lectora. | ▪ Iníciase na lectura en voz alta de textos sinxelos. | ▪ CCL<br>▪ CCEC<br>▪ CD | ▪ Observación<br>▪ Provas |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B5.4. Recreación e composición de breves relatos para comunicar sentimentos e experiencias persoais. | ▪ B5.3. Recrear e compoñer breves relatos a partir de modelos sinxelos. | ▪ LGB5.3.1. Recrea e compón breves relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos e experiencias persoais. | ▪ Tenta expresar os seus sentimentos e experiencias por medio de relatos moi sinxelos. | ▪ CCL<br>▪ CCEC<br>▪ CSC | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| ▪ a | ▪ B5.5. Valoración da literatura en | ▪ B5.4. Valorar a literatura en calquera | ▪ LGB5.4.1. Valora a literatura en | ▪ Valora a literatura | ▪ CCL | ▪ Observación |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ o | calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada), como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal. | lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal. | calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal. | galega para comunicarse e goce persoal. | ▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ Asemblea<br>▪ Biblioteca |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B5.6. Interese por coñecer os modelos narrativos e poéticos que se utilizan noutras culturas.<br>▪ B5.7. Comparación de imaxes, símbolos e mitos facilmente interpretables que noutras culturas serven para entender o mundo e axudan a coñecer outras maneiras de relacións sociais. | ▪ B5.5. Amosar interese, respecto e tolerancia ante as diferenzas persoais, sociais e culturais. | ▪ LGB5.5.1. Amosa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural. | ▪ Amosa curiosidade polo coñecemento doutras costumes respectando a diversidade cultural. | ▪ CCL<br>▪ CCEC | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |

## *4.3.2.Estándares de aprendizaxe mínimos en caso de actividade lectiva non presencial*

En caso de establecerse un período longo de actividade lectiva non presencial, consideraranse como estándares de aprendizaxe imprescindibles os seguintes:

- ✓ Comprende a información principal de textos orais sinxelos de distintos tipos.
- ✓ Comprende a información principal de textos escritos sinxelos de distintos tipos.
- ✓ Le en voz alta e de forma axeitada textos sinxelos.
- ✓ Iníciase na produción de textos escritos sinxelos.
- ✓ Recoñece palabras e sílabas, en textos sinxelos.
- ✓ Iniciase na utilización de regras ortográficas básicas como o uso do punto e as maiúsculas.

### *4.3.3.Temporalización*

Para esta materia non se realiza a principio de curso unha temporalización pechada que faga corresponder cada un dos contidos a tratar cunha das semanas lectivas do curso. Os contidos iranse traballando en función dos intereses do alumnado e das necesidades que o docente vaia percibindo no grupo - clase.

O papel do docente será ir dirixindo e redireccionando as inquedanzas dos discentes, ilas adaptando ao currículo de 1º e asegurarse da adquisición de cada unha das competencias e do tratamento de cada un dos distintos contidos do curso.

Máis alá do momento en que se vaia a traballar cada un dos conceptos, o importante é que se traballen todos.

A través deste documento, o docente poderá rexistrar, de forma diaria e sistemática, o traballo realizado e as aprendizaxes adquiridas. Deste xeito, a temporalización irase realizando de xeito semanal ou quincenal. Así, asegurámonos de que o aprendizaxe é o máis significativo posible para o alumnado, xa que a temporalización vaise creando en función dos seus propios intereses, das aprendizaxes que xa teñen adquiridas e das necesidades do grupo, tendo sempre en conta as esixencias do currículo.

### *4.3.4.Concrecións metodolóxicas*

A lingua oral e a escrita, desenvolveranse a través dun traballo sistemático que utilice unha ampla gama de situacións comunicativas, cotiás e funcionais. Na vida diaria da escola prodúcense moitas situacións de comunicación oral que se potenciarán e aproveitarán para acadar obxectivos de área; entre estas situacións están: as comunicacións para planificar; chegar a consenso; poñer en común; debater; tomar decisións sobre procesos que se van seguir; establecer responsabilidades; comunicar resultados; comparar; contrastar respostas, opinións e significados; xustificar e verbalizar estratexias; valorar tarefas; transmitir emocións e informacións; estruturar coñecemento; defender argumentos e puntos de vista; preguntar... A práctica destas situacións colaborará no labor da lingua como vehículo e instrumento para a aprendizaxe das distintas áreas do currículo.

Esta área de Lingua galega e literatura está estreitamente relacionada coa de lingua castelá e literatura. Ambas áreas teñen unha distribución de contidos similar. Evidentemente, cada lingua ten as súas características propias, polo que requiren dun tratamento e traballo específico, pero hai determinados aspectos do currículo que, pola afinidade que presentan en ambas as áreas, precisan ser abordados de maneira parella.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

Terase en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo el e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.

### *4.3.5.Materiais e recursos didácticos*

Para a área de lingua galega empregaremos:

- ✓ Lapis, goma e afialapis
- ✓ Un caderno grande "Cuadrovía Lamela" de 4 mm
- ✓ Libro de texto da editorial Santillana
- ✓ Un block de dúas anillas para ir arquivando o traballo rematado
- ✓ Diverso material escolar (tesoira, pegamento, lapis de cores, ceras, rotuladores, ...)
- ✓ O ordenador e o proxector da aula
- ✓ Os ordenadores da biblioteca
- ✓ Libros de ficción e de consulta variados (da biblioteca de aula, da biblioteca do centro e os que o propio alumnado poida traer das súas casas)
- ✓ Revistas, xornais, folletos, carteis, ...
- ✓ Quebracabezas, puzles, xogos de mesa ...

### *4.3.6.Avaliación e criterios de cualificación do alumnado*

A finalidade principal da **avaliación** é obter a información que permita adecuar o proceso de ensinanza ao progreso real na construción de aprendizaxes do alumnado. Á hora de avaliar, é necesario considerar a existencia ou non dunha madurez persoal que lle permita ó discente afrontar estudios posteriores. A avaliación polo tanto, non se refire só aos conceptos aprehendidos, senón que deberá basearse en:

- ✓ A aptitude, a facilidade mostrada ante cada unha das materias.
- ✓ A comprensión e aplicación do aprendido en situacións de práctica.
- ✓ A actitude, referida esta ao interese, á axuda aos demais, ao comportamento social, ...

Ademais disto, débense ter en conta os tres tipos de avaliación dos que dispoñemos:

- ✓ Avaliación inicial ou diagnóstica: é a que nos di se o alumnado domina realmente os contidos que teñen carácter previo respecto a unha nova aprendizaxe. Isto é o único que garante a aprendizaxe significativa.
- ✓ Avaliación formativa ou continua: prodúcese ao longo do desenrolo da materia e implica a detección de como cada alumno/-a se sitúa na actividade escolar.
- ✓ Avaliación final ou sumativa: baseada no aprendido a partir da avaliación inicial.

Deste xeito o proceso de avaliación ten maior fiabilidade que cunha única avaliación final, xa que partimos dun punto coñecido e podemos comprobar as melloras experimentadas polo alumnado ao longo da aprendizaxe a partir dos seus coñecementos previos. Así, se o suxeito posúe xa os mínimos esixidos na materia faise necesario deseñar unha actuación con actividades de ampliación sobre o programa previsto. En resumo, que á hora de avaliar ten que contar máis o que se aprende que o que se sabe, é dicir, que se debe considerar a consecución dos obxectivos partindo das capacidades.

O referente para avaliar as aprendizaxes do alumnado son os **criterios de avaliación** e a súa concreción nos estándares de aprendizaxe avaliables e no grao de consecución dos mesmos. No deseño das situacións de aprendizaxe tomaranse en consideración tódolos elementos do currículo, entre eles os procedementos e instrumentos de avaliación, así como os **criterios de cualificación** que permitan avaliar tanto os resultados de área como o nivel competencial alcanzado polos alumnos e as alumnas.

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de Insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, Suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NT) ou Sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

- ✓Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.
- ✓Suficiente: 5.
- ✓Ben: 6.
- ✓Notable: 7 ou 8.
- ✓Sobresaliente: 9 ou 10.

Os criterios para a cualificación baséanse nas seguintes porcentaxes:

- ✓ Expresión e comprensión oral 25%
- ✓ Expresión e comprensión escrita 25%
- ✓ Conceptos 20%
- ✓ Traballo diario 20%
- ✓ Actitude e participación 10%

### *4.3.7.Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados*

No primeiro mes de clase, realizaranse unha serie de probas e exercicios para determinar os coñecementos que o alumnado xa ten adquiridos e os que non.

Ao tratarse de nenos e nenas de 1º curso, será necesario deseñar probas moi variadas que avalíen tamén o estado madurativo do alumno/-a, o nivel de autonomía, a asimilación das normas, o interese polo colexio, a disposición para aprender, ...

Faranse polo tanto algunhas pequenas probas de lectura e de escritura, probas orais de comprensión, de razoamento, de lóxica, ...

Nesta idade é moi importante que a avaliación teña tamén en conta a observación diaria e sistemática de cada un dos nenos e nenas dentro da aula, xa que isto aporta moitos datos e moita información do alumnado de xeito individual e tamén a nivel de grupo.

O departamento de orientación, pasará tamén unhas probas específicas a toda a clase, tanto para apoiar esta avaliación inicial, como para detectar posibles necesidades específicas de apoio educativo.

A base é que o alumnado elabore significados propios a partir dos coñecementos adquiridos con anterioridade. Os puntos de partida de calquera actividade deberán ser as experiencias ou coñecementos previos, así como a realidade máis próxima ao alumnado, de xeito que isto posibilite a construción de novas aprendizaxes sobre o xa aprendido.

Polo tanto, o feito de ter en conta os resultados da avaliación inicial, é un punto clave para que o proceso de ensinanza aprendizaxe funcione.

Por suposto, o alumnado presentará resultados moi diversos e mostrará distintos niveis de aprendizaxe. Estes resultados son os que deben guiar a práctica docente. En base a estes resultados, debe axustarse a programación e o proceso de individualización dentro da aula.

### *4.3.8.Aprendizaxes non adquiridas no curso 2019-2020*

Na avaliación inicial haberá que prestar especial atención ás aprendizaxes que non foron adquiridas polo alumnado durante o pasado curso.

Ao tratarse do 1º curso de Primaria, e debido á situación de actividade lectiva non presencial que se deu no curso pasado, as diferenzas entre os niveis do alumnado poden ser moi grandes. Sendo nenos e nenas de tan curta idade, só podían seguir o traballo na casa co apoio continuado das familias e isto non foi posible en tódolos casos.

Así e todo, na Educación Infantil non se pretende que o alumnado chegue a Primaria coa lectoescritura totalmente adquirida, polo que as aprendizaxes non adquiridas no curso pasado non teñen por que afectar de xeito moi significativo ao 1º curso de Primaria.

### *4.3.9.Plan de recuperación*

A recuperación das aprendizaxes non adquiridas no curso 2019-2020, realizaranse de xeito progresivo ao longo dos tres trimestres.

Ao tratarse do 1º curso de Primaria e non ser obrigatoria a Educación Infantil, a situación non dista moito de cursos anteriores. O nivel do alumnado sempre é moi heteroxéneo en tódolos ámbitos. Algúns nenos e nenas xa len mentres que outros aínda non diferencian as vogais,

algúns xa coñecen os números ata o 100 e outros aínda non coñecen os números ata o 10. Esta situación é totalmente habitual nunha aula de 1º e esixe unha atención moi individualizada por parte do profesorado.

Será necesario comezar dende cero, tanto nas linguas como nas ciencias e nas matemáticas. En tódalas materias e en tódalas áreas, comezaremos como se o alumnado nunca estivese escolarizado. Vendo a resposta dos nenos e nenas con respecto a cada un dos contidos traballados e avaliando a cada momento os coñecementos previos dos que xa dispoñen, poderase ir adaptando semanalmente a temporalización dos contidos de 1º, a necesidade de reforzo ou ampliación, a necesidade dunha maior atención a determinados estándares de aprendizaxe ... Deste xeito, iranse recuperando pouco a pouco as aprendizaxes que o alumnado non puido traballar durante o curso pasado.

Prestando especial atención ás aprendizaxes previas necesarias para a adquisición de cada un dos novos contidos, reforzando estas aprendizaxes e buscando a relación cos novos contidos, é o único xeito de poder garantir que a adquisición de aprendizaxes por parte do alumnado sexa realmente significativa.

Despois de tanto tempo sen que o alumnado asista a clases presenciais e en vista da actual situación sanitaria, será necesario traballar especialmente as normas, as rutinas, a cohesión do grupo, o respecto polos espazos e o coidado e hixiene da aula e do material.

## 4.4. Ciencias sociais. Mónica Castro.

### *4.4.1.Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, grao de consecución, competencias clave e instrumentos de avaliación*

| 1ª Avaliación | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx** | **Contidos** | **Criterios Av.** | **Estándares** | **Grao Consecución** | **CC** | **Instrumentos Avaliación** | **Crit. cualif. (%)** |
| **BLOQUE 1: CONTIDOS COMÚNS** | | | | | | | |
| b d<br>e h<br>i | B1.1.O establecemento de conxecturas, de predicións e, a observación, e experimentación como procesos básicos que favorecen a Iniciación ao coñecemento científico.<br>B1. 2.Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea, que supoña un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e facilite o proceso de autorregulación de aprendizaxes.<br>B1. 3 Introdución no uso das TIC e outras fontes (directas e indirectas) para obter información, analizala, organizala, documentar o proceso mediante o uso do cartafol e a comunicación das conclusións. | B1.1.Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como medios básicos para obter información, seleccionala, organizala, extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado. | CSB1.1.1.-Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación, iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica | Iníciase na recollida de información a través da observación, a experimentación e o emprego das TIC, obtendo conclusións sinxelas e comunicándoas a través de imaxes, debuxos e outras fontes | CAA<br>CCL<br>CD<br>CMCCT | Análise de producións<br>Rúbrica | 9 |
| | | | CSB1.1.2.- Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisión e asume responsabilidades. | É autónomo na realización das tarefas e coida a súa presentación. | CSIEE<br>CAA<br>CSC | Escalas de observación<br>Rúbricas | 9 |

| 1ª Avaliación | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx** | **Contidos** | **Criterios Av.** | **Estándares** | **Grao Consecución** | **CC** | **Instrumentos Avaliación** | **Crit. cualif. (%)** |
| | B1. 4 Planificación, xestión e presentación dos traballos co fin de acadar obxectivos. | | | | | | |
| a b c d m | B1.5.O traballo en equipo.<br>B1.6.Iniciación na creación e o uso de hábitos e técnicas de estudo.<br>B1.7.Valoración do esforzo e coidado do material. | B1.2. Traballar en equipo e adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas allea | CSB1.2.1.Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material. | Participa dentro do grupo de maneira responsable, solidaria e respectuosa. | CSC<br>CAA | Escala de observación.<br>Rexistro Anecdotario | 9 |
| | | B1.3.Empregar os mapas mentais como unha técnica básica de estudo. | CSB1.3.1.-Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo. | Iníciase na elaboración de mapas mentais sinxelos. | CAA | Análise Producións | 7 |
| h o | B1.9.Utilización da terminoloxía propia da área. | B1.4.Coñecer e iniciarse no emprego da terminoloxía propia da área. | CSB1.4.1.-Identifica a terminoloxía propia da área. | Iníciase no emprego da terminoloxía propia da área. | CCL<br>CMCCT<br>CSC | Probas obxectivas.<br>Lista de cotexo | 4 |
| **BLOQUE 2: O MUNDO QUE NOS RODEA** | | | | | | | |

| 1ª Avaliación | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx** | **Contidos** | **Criterios Av.** | **Estándares** | **Grao Consecución** | **CC** | **Instrumentos Avaliación** | **Crit. cualif. (%)** |
| h j o | B2.1.A contorna física: observacións das características principais. | B2.1.Identificar os elementos principais da contorna partindo do máis próximo a través da observación e uso das TIC. | CSB2.1.1.-Elabora e recolle información sobre aspectos da súa contorna natural, empregando imaxes, debuxos e outras fontes incluídas ás TIC | Iníciase na recollida de información a través da observación, a experimentación e o emprego das TIC, obtendo conclusións sinxelas e comunicándoas a través de imaxes, debuxos e outras fontes. | CMCCT CD CAA | Análise de producións. Caderno Rúbricas | 4 |
| | | | CSB2.1.2.-Describe os elementos básicos da súa contorna máis próxima. | Iníciase na descrición dos elementos básicos da contorna. | CMCCT CD CAA | Análise de producións. Caderno Rúbricas | 8 |
| h a o | B2.2.O aire e a auga. Estudo das súas características e propiedades mediante a observación, experimentación a través sentidos e a formulación de conxecturas. A importancia para a vida e consumos responsables. | B2.2. Recoñecer as características básicas do aire e a auga observadas e experimentadas a través dos sentidos B2.3. Recoñecer e valorar a importancia que a auga e o aire teñen para a vida e reflexionar sobre a importancia que o uso responsable ten na súa contorna máis próxima. | CSB2.9.1.-Identifica algunha medida para a conservación da natureza máis próxima. | É consciente da importancia da conservación da natureza e identifica algunha medida para evitar a contaminación do medio. | CSC CMCCT | Lista de cotexo. Probas específicas. | 7 |
| **BLOQUE 3: VIVIR EN SOCIEDADE** | | | | | | | |

| 1ª Avaliación | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx** | **Contidos** | **Criterios Av.** | **Estándares** | **Grao Consecución** | **CC** | **Instrumentos Avaliación** | **Crit. cualif. (%)** |
| a c h | B3.1.Investigamos sobre as relacións de parentesco e roles familiares. | B3.1.Recoñecer as relacións simples de parentesco familiar e os seus roles identificándose, situándose e valorando á pertenza a unha familia con características propias así como contribuíndo ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os seus membros | CSB3.1.1.-Identifica as relacións de parentesco, discrimina os roles familiares e contribúe ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os membros da familia. | Distingue nocións básicas de parentesco. | CMCCT CSC CAA | Escala de observación. Rexistro. Anecdótico. | 6 |
| a h | B.2.Aescola: organización escolar, os membros e os seus roles, espazos físicos e recursos. | B3.2.Coñecer e respectar todos os elementos que conforman a escola e as súas funcións. | CSB3.2.1.-Identifica aos membros da comunidade escolar, describe as tarefas que desenvolven e as respectan. | Respecta as normas de convivencias establecidas na familia e na escola. | CMCCT CSC CCL | Escala de observación. Rexistro Anecdótico | 4 |
| a h | B3.3.Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos. | B3.3.Recoñecer á pertenza a certos grupos e participar neles respectando os principios básicos de convivencia. | CSB3..3.1.-Respecta as normas de convivencia establecidas na familia e na escola. | Respecta as normas de convivencias establecidas na familia e na escola. | CSC | Escala de observación. | 8 |
| he o | B3.4. A casa e o lugar no que vivo. Estancias da casa e localización na contorna: aldea, vila, cidade. Elaboración dun esbozo da distribución da casa. | B3.4. Identificar as partes da casa e o uso que se fai nelas e diferenciar entre os diferentes tipos de vivendas que forman a súa contorna. | CSB3.4.1.-Identifica as partes da casa, as representa nun esbozo e coñece e explica o uso que se fai delas. | Diferencia distintos tipos de vivenda, identifica as partes da casa e o uso que se fai de cada unha delas. | CMCCT CAA | Probas obxectivas.<br><br>Análise de producións. | 5 |
| | | | CSB3.4.2.-Identifica diferentes tipos de vivendas e describe oralmente as diferenzas. | Diferencia distintos tipos de vivenda, e recoñece algunhas diferenzas. | CCL CCEC | Escalas De Observación | 4 |

| 1ª Avaliación | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx** | **Contidos** | **Criterios Av.** | **Estándares** | **Grao Consecución** | **CC** | **Instrumentos Avaliación** | **Crit. cualif. (%)** |
| j h o | B3.7.Manifestacións culturais da contorna. | B3.8.Coñecer algunha das grandes manifestacións culturais que se celebran na escola valorando a súa diversidade e contribuíndo á súa conservación. | CSB3.8.1.-Cita e valora algunha das festas propias do outono, do inverno, da primavera e do verán que se celebran na contorna escolar e contribúe á súa conservación. | Coñece os días da semana e os meses de ano e diferencia as estacións segundo as súas características. | CCEC CSC CCL | Rexistro Anecdotario | 6 |
| **BLOQUE 4: AS PEGADAS DO TEMPO** | | | | | | | |
| c e h g | B4.1.Uso e medidas do tempo. Nocións básicas: antes, despois, día, mes. O paso do tempo: Liña do tempo da súa historia persoal. Árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia. | B4.2. Reconstruír a memoria do pasado próximo partindo de fontes familiares a través da realización dunha árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia. | CSB4.2.1.-Explica oralmente na árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia. | Distingue nocións básicas de parentesco. | CSC CAA CCL | Escala de observación | 5 |
| e f h | B4.2.Sistemas de medida do tempo. O día, a semana, os meses e o ano. O calendario como instrumento de medida do tempo. Creación dun calendario anual propio establecendo os horarios das xornadas escolares, as semanas, os meses, as estacións do ano, situando os aniversarios e os acontecementos máis importantes. | B4.3.Ser consciente do paso do tempo empregando, como unidades de medida, os días, as semanas, os meses, o ano, as estacións e o calendario como instrumento para medir e representar o paso tempo. | CSB4.3.1.-Sabe o número de días que ten unha semana e os meses, nomea os meses do ano e diferenza as estacións segundo as súas características. | Coñece os días da semana e os meses do ano e diferencia as estacións segundo as súas características. | CMCCT CCL | Lista De Cotexo Escala De Observación | 5 |

| 2ª Avaliación | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx** | **Contidos** | **Criterios Av.** | **Estándares** | **Grao Consecución** | **CC** | **Instrumentos Avaliación** | **Crit. cualif. (%)** |
| **Bloque 1: Contidos Comúns** | | | | | | | |
| b<br>d<br>e<br>h<br>i | B1.1.O establecemento de conxecturas, de predicións e, a observación, e experimentación como procesos básicos que favorecen a Iniciación ao coñecemento científico.<br>B1. 2.Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea, que supoña un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e facilite o proceso de autorregulación de aprendizaxes.<br>B1. 3 Introdución no uso das TIC e outras fontes (directas e indirectas) para obter información, analizala, organizala, documentar o proceso mediante o uso do cartafol e a comunicación das conclusións.<br><br>B1. 4 Planificación, xestión e presentación dos traballos co fin de acadar obxectivos. | B1.1.Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como medios básicos para obter información, seleccionala, organizala, extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado. | CSB1.1.1.-Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación, iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica<br>CSB1.1.2.- Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisión e asume responsabilidades. | Iníciase na recollida de información a través da observación a experimentación e o emprego das TIC, obtendo conclusións sinxelas e comunicándoas a través de imaxes, debuxos e outras fontes. | CAA<br>CCL<br>CD<br>CMCCT<br>CSIEE<br>CSC | Análise de producións<br><br>Rúbrica | 10 |

| 2ª Avaliación | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx** | **Contidos** | **Criterios Av.** | **Estándares** | **Grao Consecución** | **CC** | **Instrumentos Avaliación** | **Crit. cualif. (%)** |
| a<br>b<br>c<br>d<br>m | B1.5.O traballo en equipo.<br>B1.6.Iniciación na creación e o uso de hábitos e técnicas de estudo.<br>B1.7.Valoración do esforzo e coidado do material. | B1.2. Traballar en equipo e adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas. | CSB1.2.1.-Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material. | Participa dentro do grupo de maneira responsable, solidaria e respectuosa. | CSC<br>CAA | Escala de observación<br><br>Rexistro anecdotario | 10 |
| | | B1.3.Empregar os mapas mentais como unha técnica básica de estudo. | CSB1.3.1.-Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo. | Iníciase na elaboración de mapas mentais sinxelos. | CAA | Análise producións | 8 |
| h<br>o | B1.9.Utilización da terminoloxía propia da área. | B1.4.Coñecer e iniciarse no emprego da terminoloxía propia da área | CSB1.4.1.-Identifica a terminoloxía propia da área. | Iníciase na identificación da terminoloxía propia da área. | CCL<br>CMCCT<br>CSC | Probas obxectivas<br>Lista de cotexo | 5 |
| **Bloque 2: O mundo que nos rodea** | | | | | | | |
| h<br>j<br>o | B2.1.A contorna física: observacións das características principais. | B2.1.Identificar os elementos principais da contorna partindo do máis próximo a través da observación e uso das TIC. | CSB2.1.1.-Elabora e recolle información sobre aspectos da súa contorna natural, empregando imaxes, debuxos e outras fontes incluídas ás TIC. | Iníciase na recollida de información a través da observación, a experimentación e o emprego das TIC, obtendo conclusións sinxelas e comunicándoas a través de imaxes, debuxos e outras fontes. | CMCCT<br>CD<br>CAA | Análise producións<br><br>Caderno<br><br>Rúbricas | 8 |
| a<br>h<br>o | B2.2.O aire e a auga. Estudo das súas características e propiedades mediante a observación, experimentación a través sentidos e a formulación de conxecturas. A | B2.2. Recoñecer as características básicas do aire e a auga observadas e experimentadas a través dos sentidos. | CSB2.2.1.-Describe as características principais do aire e da auga. | Recoñece a importancia do aire na vida dos seres vivos. | CMCCT<br>CCL | Probas obxectivas caderno<br><br>Escala de | 5 |

| 2ª Avaliación | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx** | **Contidos** | **Criterios Av.** | **Estándares** | **Grao Consecución** | **CC** | **Instrumentos Avaliación** | **Crit. cualif. (%)** |
| | importancia para a vida e consumos responsables. | | | | | observación | |
| | | B2.3. Recoñecer e valorar a importancia que a auga e<br>o aire teñen para a vida e reflexionar sobre a importancia que o uso responsable ten na súa contorna máis próxima. | SB2.3.1.-Explica, de forma sinxela, a importancia que o uso responsable destes elementos ten na súa contorna máis próxima | Recoñece a importancia do aire na vida dos seres vivos. | CMCCT CSC CCL | Caderno Escala de observación Probas obxectivas | 5 |
| h g e | B2.4.Os elementos do ceo, as súas características e o seu movemento como indicador do paso do tempo. Experimentación do paso do tempo observando o movemento do Sol e da Lúa e asocialo ás diferentes partes do día e á noite | B2.6.Identificar os elementos que aparecen no ceo e coñecer a importancia que o Sol ten para a vida. | CSB2.6.1.-Nomea os elementos presentes no ceo e explica a importancia que o sol ten para a vida. | Recoñece a importancia do sol para a vida. | CMCT CCL | Probas obxectivas. Caderno Escala de observación. | 5 |
| | | B2.7.Coñecer a importancia que o movemento dos elementos do ceo teñen como indicador do paso do tempo: o día, a noite e as partes do día | CSB2.7.1.-Relaciona o movemento dos elementos do ceo co cambio do día á noite e o paso do tempo ao longo do dia: mañá, tarde e noite. | Relaciona o movemento dos elementos do ceo co cambio do día á noite. | CMCCT CAA | Probas obxectivas. Caderno. Escala de observación | 5 |
| a h o | B2.5.Observación, a través dos sentidos, da paisaxe que nos ródea. Elementos naturais e | B2.9. Valorar a importancia que ten para a vida dos seres | CSB2.9.1.-Identifica algunha medida para a conservación da natureza máis próxima. | É consciente da importancia da conservación da natureza e identifica algunha medida para | CMCCT CAA | Lista de cotexo. Probas | 10 |

| 2ª Avaliación | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx** | **Contidos** | **Criterios Av.** | **Estándares** | **Grao Consecución** | **CC** | **Instrumentos Avaliación** | **Crit. cualif. (%)** |
| | humanos da contorna. A importancia do coidado da natureza | vivos o coidado dos elementos da paisaxe máis próxima | | evitar a contaminación do medio. | | especificas | |
| **BLOQUE 3: VIVIR EN SOCIEDADE** | | | | | | | |
| a h | B3.3.Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos. | B3.3.Recoñecer á pertenza a certos grupos e participar neles respectando os principios básicos de convivencia. | CSB3..3.1.-Respecta as normas de convivencia establecidas na familia e na escola. | Respecta as normas de convivencias establecidas na familia e na escola. | CSC | Escala de observación | 10 |
| h e o | B3.4. A casa e o lugar no que vivo. Estancias da casa e localización na contorna: aldea, vila, cidade. Elaboración dun esbozo da distribución da casa | B3.5. Coñecer as características básicas da contorna próxima e diferenciar os conceptos de cidade, vila, aldea. | CSB3.5.1.-Explica a diferenza entre cidade, vila e aldea e sitúa a súa casa nalgunha delas. | Distingue a cidade da vila e aldea situando a súa vivenda nalgunha delas. | CCL CMCCT | Escalas de observación | 4 |
| j h o | B3.7.Manifestacións culturais da contorna. | B3.8.Coñecer algunha das grandes manifestacións culturais que se celebran na escola valorando a súa diversidade e contribuíndo á súa conservación. | CSB3.8.1.-Cita e valora algunha das festas propias do outono, do inverno, da primavera e do verán que se celebran na contorna escolar e contribúe á súa conservación. | Coñece algunhas festas propias as estacións correspondentes na contorna escolar. | CCEC CSC CCLC | Rexistro anecdotario | 10 |
| **BLOQUE 4: AS PEGADAS DO TEMPO** | | | | | | | |

| 2ª Avaliación | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx** | **Contidos** | **Criterios Av.** | **Estándares** | **Grao Consecución** | **CC** | **Instrumentos Avaliación** | **Crit. cualif. (%)** |
| H g e | ▪ B4.2.Sistemas de medida do tempo. O día, a semana, os meses e o ano. O calendario como instrumento de medida do tempo. Creación dun calendario anual propio establecendo os horarios das xornadas escolares, as semanas, os meses, as estacións do ano, situando os aniversarios e os acontecementos máis importantes. | B4.3.Ser consciente do paso do tempo empregando, como unidades de medida, os días, as semanas, os meses, o ano, as estacións e o calendario como instrumento para medir e representar o paso tempo. | CSB4.3.1.-Sabe o número de días que ten unha semana e os meses, nomea os meses do ano e diferenza as estacións segundo as súas características. | Coñece os días da semana e os meses do ano e diferencia as estacións segundo as súas características | CMCCT CCL | Lista de cotexo<br>Escala de observación | 5 |

| 3ª Avaliación | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx** | **Contidos** | **Criterios Av.** | **Estándares** | **Grao Consecución** | **CC** | **Instrumentos Avaliación** | **Crit cualif (%)** |
| **BLOQUE 1: CONTIDOS COMÚNS** | | | | | | | |
| b d e h i | B1.1.O establecemento de conxecturas, de predicións e, a observación, e experimentación como procesos básicos que favorecen a Iniciación ao coñecemento científico.<br>B1. 2.Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou | B1.1.Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como medios básicos para obter información, seleccionala, organizala, extraer conclusións e | CSB1.1.1.-Fai conxecturas, predicións<br>e recolle información a través da observación e experimentación, iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a<br>organiza, obtén conclusións sinxelas e | Iníciase na recollida de información a través da observación, a experimentación e o emprego das TIC, obtendo conclusións sinxelas e comunicándoas a través de imaxes, debuxos e outras fontes. É autónomo na realización das tarefas e coida a súa presentación. | CAA<br>CCL<br>CD<br>CMCT | Análise de producións<br>Rúbrica | 12 |

| 3ª Avaliación | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx** | **Contidos** | **Criterios Av.** | **Estándares** | **Grao Consecución** | **CC** | **Instrumentos Avaliación** | **Crit cualit (%)** |
| | inquietude da contorna que os rodea, que supoña un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e facilite o proceso de autorregulación de aprendizaxes.<br>B1. 3 Introdución no uso das TIC e outras fontes (directas e indirectas) para obter información, analizala, organizala, documentar o proceso mediante o uso do cartafol e a comunicación das conclusións.<br>B1. 4 Planificación, xestión e presentación dos traballos co fin de acadar obxectivos. | comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado. | as comunica. | | | | |
| | | | CSB1.1.2.- Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisión e asume responsabilidades. | ,<br>É autónomo na realización das tarefas e coida a súa presentación. | CSIEE<br>CAA<br>CSC | Rúbrica escalas de observación | 12 |
| a<br>b<br>c<br>d<br>m | B1.5.O traballo en equipo.<br>B1.6.Iniciación na creación e o uso de hábitos e técnicas de estudo.<br>B1.7.Valoración do esforzo e coidado do material.<br>B1.8.A cooperación e o diálogo como valores<br>B1.8.A cooperación e o diálogo como valores democráticos e recursos básicos na resolución pacífica de conflitos. | B1.2. Traballar en equipo e adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas. | CSB1.2.1.-Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material. | Participa dentro do grupo de maneira responsable, solidaria e respectuosa. | CSC<br>CAA | Escala de observación<br>Rexistro anecdotario | 12 |
| | | B1.3.Empregar os mapas mentais como unha técnica básica de estudo. | CSB1.3.1.-Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo. | Iníciase na elaboración de mapas mentais | CAA | Análise producións | 6 |
| | | B1. 4 Planificación, xestión e presentación dos traballos co fin de acadar obxectivos. | CSB1.4.1.-Identifica a terminoloxía propia da área. | Sabe algunhas palabras propias da terminoloxía da área. | CCL<br>CMCCT<br>CSC | Probas obxectivas Lista de | 3 |

| 3ª Avaliación | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx** | **Contidos** | **Criterios Av.** | **Estándares** | **Grao Consecución** | **CC** | **Instrumentos Avaliación** | **Crit cualit (%)** |
| | | | | | | cotexo | |
| **BLOQUE 2: O MUNDO QUE NOS RODEA** | | | | | | | |
| h<br>j<br>o | B2.1.A contorna física: observacións das características principais. | B2.1.Identificar os elementos principais da contorna partindo do máis próximo a través da observación e uso das TIC. | CSB2.1.1.-Elabora e recolle información sobre aspectos da súa contorna natural, empregando imaxes, debuxos e outras fontes incluídas ás TIC.<br>CSB2.1.2 Describe os elementos básicos da súa contorna máis próxima. | Iníciase na recollida de información a través da observación, a experimentación e o emprego das TIC, obtendo conclusións sinxelas e comunicándoas a través de imaxes, debuxos e outras fontes. | CMCCT<br>CD<br>CAA | Análise producións<br>Caderno<br>Rúbricas | 7 |
| g<br>h<br>i<br>o | B2.3.O tempo atmosférico. Observación e medicións sinxelas dos fenómenos atmosféricos que teñen lugar no espazo próximo e a súa simboloxía. Comprobación observado o tempo nos diferentes medios de comunicación: prensa, prensa dixital. | B2.4.Coñecer os fenómenos atmosféricos, a través das sensacións corporais, e describir os que xorden con máis frecuencia na súa contorna identificándoos nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital.<br>B2.5.Realizar medicións sinxelas de datos con aparellos cotiás e facer pequenos rexistros do tempo atmosférico a nivel local. Comprobación co | CSB2.4.1.-Nomea os fenómenos atmosféricos máis habituais no seu espazo próximo e interpreta a simboloxía básica nun mapa do tempo da prensa en papel dixital. | Recoñece fenómenos meteorolóxicos diversos e iníciase na simboloxía meteorolóxica. | CMCCT<br>CD<br>CCL | Probas obxectivas<br>Caderno<br>Escala de observación. | 3 |
| | | | CSB2.5.1.-Realiza observacións, sinxelas recollidas de datos, rexistros e comprobación sobre o tempo atmosférico local. | Observa e recoñece o tempo atmosférico local . | CMCCT<br>CAA | Probas obxectivas<br>Caderno<br>Escala de observación | 4 |

| 3ª Avaliación | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx** | **Contidos** | **Criterios Av.** | **Estándares** | **Grao Consecución** | **CC** | **Instrumentos Avaliación** | **Crit cualit (%)** |
| a h o | B2.5.Observación, a través dos sentidos, da paisaxe que nos rodea. Elementos naturais e humanos da contorna. A importancia do coidado da natureza. | B2.8. Diferenciar entre os elementos naturais e os producidos pola man do home existentes na contorna próxima poñendo exemplos | CSB2.8.1.-Diferencia entre elementos da paisaxe natural e a construída polo home e identifica algunha das accións humanas máis destacadas da contorna próxima. | Identifica elementos naturais e artificiais da paisaxe próxima. | CMCCT CAA | Probas obxectivas<br>Caderno<br>Escala de observación | 3 |
| | | B2.9. Valorar a importancia que ten para a vida dos seres vivos o coidado dos elementos da paisaxe máis próxima. | CSB2.9.1.-Identifica algunha medida para a conservación da natureza máis próxima. | É consciente da importancia da conservación da natureza e identifica algunha medida para evitar a contaminación do medio. | CSC CMCCT | Lista de cotexo<br>Probas especificas | 6 |
| **BLOQUE 3: VIVIR EN SOCIEDADE** | | | | | | | |
| a h | B3.3.Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos. | B3.3.Recoñecer á pertenza a certos grupos e participar neles respectando os principios básicos de convivencia. CSB3.3.1.Respecta as normas de convivencia e | CSB3..3.1.-Respecta as normas de convivencia establecidas na familia e na escola. | Respecta as normas de convivencias establecidas na familia e na escola. | CMCCT CSC CAA | Lista de cotexo<br>Probas especificas | 7 |
| h e | B3.5.Os medios de transporte. Clasificación e abastecemento. | B3.6.Coñecer os medios de transporte do seu ámbito, as características fundamentais e os clasifica segundo a súa función e uso. | CSB3.6.1.-Clasifica os diferentes medios de transporte da contorna segundo os seus usos, funcións | Coñece os principais medios de comunicación e transporte e as súas características. | CMCCT CAA | Lista de cotexo<br>Probas especificas | 3 |

| 3ª Avaliación | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx** | **Contidos** | **Criterios Av.** | **Estándares** | **Grao Consecución** | **CC** | **Instrumentos Avaliación** | **Crit cualit (%)** |
| | | | e características. | | | | |
| h<br>n | B3.6.Educación viaria. Camiñando pola rúa. | B3.7.Observar e discriminar diferentes elementos viarios que debera recoñecer un peón ou peoa para unha circulación óptima pola rúa | CSB3.7.1.-Coñece as sinais de tráfico necesarias para camiñar pola rúa correctamente: cores dos semáforos, pasos de peóns ou peoas, etc. | Coñece as sinais de tráfico máis importantes e respecta as normas básicas de actuación. | CSC<br>CAA | Escala de observación.<br>Rexistro anecdotario | 5 |
| j<br>h<br>o | B3.7.Manifestacións culturais da contorna. | B3.8.Coñecer algunha das grandes manifestacións culturais que se celebran na escola valorando a súa diversidade e contribuíndo á súa conservación. | CSB3.8.1.-Cita e valora algunha das festas propias do outono, do inverno, da primavera e do verán que se celebran na contorna escolar e contribúe á súa conservación. | Recoñece e valora algunha festa propia das distintas estacións que se celebran no colexio. | CCEC<br>CSC<br>CCL | Rexistro anecdotario<br>Escala de observación | 5 |
| **BLOQUE 4: AS PEGADAS DO TEMPO** | | | | | | | |
| h<br>g<br>c<br>h<br>e | B4.1.Uso e medidas do tempo. Nocións básicas: antes, despois, día, mes. O paso do tempo: Liña do tempo da súa historia persoal. Árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia. | B4.1.Ordenar temporalmente, a través dunha liña do tempo, a evolución e algúns feitos relevantes da súa vida persoal empregando métodos sinxelos de observación e as unidades de medida temporais básicas.<br>B4.2. Reconstruír a memoria do pasado próximo partindo de fontes familiares a través da realización dunha árbore | CSB4.1.1.-Localiza e explica, nunha liña do tempo, a evolución e algúns feitos relevantes da súa vida persoal e empregando as unidades de medida do tempo máis básicas. | Ordena correctamente feitos da súa historia persoal. | CSC<br>CAA<br>CCL | Análise de producións<br>Rúbrica | 4 |

| 3ª Avaliación | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx** | **Contidos** | **Criterios Av.** | **Estándares** | **Grao Consecución** | **CC** | **Instrumentos Avaliación** | **Crit cualit (%)** |
| | | xenealóxica sinxela dos membros da súa familia | | | | | |
| h<br>g<br>e | B4.2.Sistemas de medida do tempo. O día, a semana, os meses e o ano. O calendario como instrumento de medida do tempo. Creación dun calendario anual propio establecendo os horarios das xornadas escolares, as semanas, os meses, as estacións do ano, situando os aniversarios e os acontecementos máis importantes. | B4.3.Ser consciente do paso do tempo empregando, como unidades de medida, os días, as semanas, os meses, o ano, as estacións e o calendario como instrumento para medir e representar o paso tempo. | CSB4.3.1.-Sabe o número de días que ten un mes, nomea os meses do ano e diferenza as estacións segundo as súas características. | Coñece os días que ten os meses de ano e diferencia as estacións segundo as súas características | CMCCT<br>CCL | Lista de cotexo<br><br>Escala de observación | 4 |

### *4.4.2.Temporalización*

A organización do tempo contémplase desde dúas perspectivas claramente diferenciadas: a confección dun horario xeral, co correspondente desenvolvemento das áreas, acorde coa súa óptima temporalización, e a elaboración dun horario de actividade docente, en que se presentan as restantes actividades organizativas do centro.

No mes de setembro realizaranse actividades de repaso e reforzo, así como as avaliacións iniciais.

Comezarase a desenvolver as unidades didácticas no principio de outubro. A temporalización aproximada de cada unha delas en cada área aparece especificado na programación de cada unidade didáctica.

Temos en conta que tamén hai programadas unha serie de actividades arredor das conmemoracións e festas anuais que incidirán na distribución temporal das unidades didácticas.

### *4.4.3.Concrecións metodolóxicas*

A metodoloxía que se vai empregar procurará unha aprendizaxe significativa, dándolle ao labor didáctico un enfoque globalizador, e na medida das posibilidades lúdico e motivador. Poñeremos especial atención nun trato individualizado, respectando as peculiaridades de cada neno, atendendo aos seus ritmos de aprendizaxe e aos seus intereses persoais.

Promoveremos un enfoque interdisciplinar das materias e unha aprendizaxe activa, na que o alumno sexa quen de construír a súa propia aprendizaxe, que se desenvolverá nun ambiente que promoverá o traballo cooperativo, fomentando a aprendizaxe entre iguais.

O desenvolvemento de proxectos en torno as materias de estudo serán promovidos como elementos enriquecedores e altamente motivadores e por ser o xeito de afianzar as competencias clave.

Se tentará que as tarefas que se desenvolvan vaian orientadas á resolución de problemas da vida real.

Na medida das posibilidades se empregarán recursos da rede e as achegas que as TIC fan ao mundo escolar, conscientes de que ese será o mundo no que se moverán os nosos alumnos. Daquela tentaremos desenvolver un espírito crítico con respecto delas, explotando as súas posibilidades pero facendo un uso axeitado e seguro das mesmas.

Atenderemos aos distintos ritmos de aprendizaxe do alumnado, e promoveremos unha educación inclusiva.

### *4.4.4.Materiais e recursos didácticos*

- Libreta do alumno.
- Fichas elaboración do propio mestre.
- Pizarra dixital e ordenador.
- Tablet.

### *4.4.5.Avaliación e criterios de cualificación do alumnado*

#### 4.4.5.1. Momentos da avaliación

*Avaliación inicial*

Ao comezo do curso e coa finalidade de adecuar as ensinanzas da materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe, realizarase unha avaliación inicial de cada área incidindo na obtención de información sobre os coñecementos previos do alumnado na materia e o grao de desenvolvemento das competencias clave e os estándares de aprendizaxe.

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

Será de gran importancia a coordinación de todo o profesorado que imparta docencia en cada grupo a fin de tomar medidas conxuntas que faciliten o progreso do alumnado.

Despois desta reflexión inicial o alumnado realizará unha pequena avaliación inicial de cada unidade para ir adaptando o nivel nas competencias claves e o contido da materia.

*Avaliación continua*

A avaliación será continua e formativa , tratando de atender a todo o proceso de ensino aprendizaxe, coa observación e seguimento do alumno:

- ✓Recollida periódica do caderno.
- ✓Actividades realizadas en clase ou na casa que se recollerán para avaliar de maneira individualizada: exercicios, resumes, esquemas e mapas conceptuais

✓Exposicións orais, traballos, informes..

✓Traballos en grupo

Estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, tendo en conta as directrices marcadas pola orientadora.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o adecuado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como sexan detectadas as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

*Avaliación final*

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliables.

Avaliaranse as aprendizaxes do alumnado mediante os indicadores de logro.

**4.4.5.2. Criterios de cualificación**

Os alumnos/as, realizarán probas orais, sobre o estudado. Tamén se terán en conta o estado dos cadernos, material de clase, deberes e actitudes. Os conceptos e procedementos aportan o 50 % da nota, as actitudes o 10 %, o traballo na aula o 40%

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de insuficiente(IN) para as cualificacións negativas, suficiente(SU), ben(BE), notable(NT) ou sobresaliente(SB) para as cualificacións positivas. A estes termos engadiráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

- Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.
- Suficiente: 5.
- Ben: 6.
- Notable: 7 ou 8.
- Sobresaliente: 9 ou 10.

### 4.4.6.Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados

Como primeiro paso se analizarán as actas finais do curso anterior do grupo de alumnos e os informes individualizados dos mesmos.

A comezo do curso se realizarán probas no marco da primeira quincena de clases, durante o mes de setembro, para avaliar o estado dos coñecementos do alumnado e marcarnos o punto de partida do noso traballo. Estas probas se farán tendo en conta os estándares do curso anterior.

Os instrumentos de avaliación serán fundamentalmente listaxes de control e listas de verificación, e a análise da actividade desenvolvida na aula. Recollidos os datos da avaliación inicial se determinarán aqueles estándares que requiran dun tratamento máis intenso de cara a garantir un aproveitamento axeitado do curso.

### 4.4.7.Contidos mínimos en caso de actividade lectiva non presencial

Tendo en conta a situación xerada pola crise socio-sanitaria na que nos atopamos na actualidade debido á presenza do COVID-19, en caso de ter que levar a cabo a actividade lectiva non presencial, realizo a adaptación de Programación Didáctica de Ciencias Sociais correspondente concretamente ao curso 2020/2021.

Os aspectos relevantes a ter en conta nesta situación excepcional, virarán ao redor de catro obxectivos elementais a acadar ao longo do curso por medio dun proceso de ensino e aprendizaxe baseado na atención telemática dos nenos e nenas e das súas familias, potenciando o emprego dos recursos TIC como ferramenta de traballo fundamental. Ditos obxectivos primordiais que expoño constitúen:

- Favorecer o progreso no desenvolvemento das capacidades e competencias do alumnado, estimulando o seu desenvolvemento integral e harmónico.
- Incentivar a motivación do alumnado de cara á aprendizaxe, estimulando o seu interese e a súa ilusión por aprender, por continuar o seu proceso de aprendizaxe.
- Potenciar, na medida do posible, o vínculo emocional entre os nenos e nenas e entre as familias.
- Proporcionar ao alumnado as ferramentas necesarias para o inicio na etapa de Educación Primaria.

É por iso que persigo a integración curricular das competencias no proceso de ensino e aprendizaxe ordinario, sendo preciso, dada a situación excepcional na que nos atopamos, establecer unha serie de competencias que resultan mínimas, imprescindibles e indispensables para que o alumnado desenvolva a súa escolarización no primeiro nivel da etapa de primaria do xeito máis satisfactorio que sexa posible, establecendo unha serie de criterios de avaliación, estruturados en base a estándares de aprendizaxe, que orienten a planificación das actividades a desenvolver nos distintos trimestres e sirvan de referente no momento de avaliar o proceso de desenvolvemento e aprendizaxe dos nenos e nenas.

| | Contidos Mínimos | Grao consecución | CC |
|---|---|---|---|
| **CIENCIAS SOCIAIS** | **Contidos comúns:** | | |
| | ▪ **B1.1.** O establecemento de conxecturas, de predicións e, a observación, e experimentación como procesos básicos que favorecen a Iniciación ao coñecemento científico. | Iníciase na recollida de información a través da observación, a experimentación e o emprego das TIC, obtendo conclusións sinxelas e comunicándoas a través de imaxes, debuxos e outras fontes. | CAA CCL CD CMCT |
| | ▪ **B1.9.** Utilización da terminoloxía propia da área. | Iníciase no emprego da terminoloxía propia da área. | CCL CSC CMCT |
| | **O mundo que nos rodea:** | | |
| | ▪ **B2.1.** A contorna física: observacións das características principais. | Iníciase na descrición dos elementos básicos da contorna. | CMCT CD CAA |
| | ▪ **B2.5.** Observación, a través dos sentidos, da paisaxe que nos ródea. Elementos naturais e humanos da contorna. A importancia do coidado da natureza. | É consciente da importancia da conservación da natureza e identifica algunha medida para evitar a contaminación do medio. | CMCT CAA |
| | **Vivir en sociedade:** | | |
| | ▪ **B3.1.**Investigamos sobre as relacións de parentesco e roles familiares. | Distingue nocións básicas de parentesco. | CMCT CAA CSC |
| | ▪ **B3.4.** A casa e o lugar no que vivo. Estancias da casa e localización na contorna: aldea, vila, cidade. Elaboración dun esbozo da distribución da casa. | Distingue a cidade da vila e aldea situando a súa vivenda nalgunha delas. | CMCT CAA |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | ▪ **B3.6.**Educación viaria. Camiñando pola rúa.<br><br>**<u>As pegadas do tempo:</u>**<br>▪ **B4.2.**Sistemas de medida do tempo. O día, a semana, os meses e o ano. O calendario como instrumento de medida do tempo. Creación dun calendario anual propio establecendo os horarios das xornadas escolares, as semanas, os meses, as estacións do ano, situando os aniversarios e os acontecementos máis importantes. | Coñece as sinais de tráfico máis importantes e respecta as normas básicas de actuación.<br><br>Coñece os días que ten os meses do ano e diferencia as estacións segundo as súas características. | CSC CAA<br><br>CMCT CCL |

### *4.4.8.Plan de recuperación*

Co obxectivo de acadar un pleno desenvolvemento das súas capacidades cognitivas, comunicativas, interpersoais e artísticas que favorezan a súa incorporación na etapa educativa de Educación Primaria, establécese un plan de recuperación para a área de Ciencias Sociais baseado no reforzo e tratamento de forma transversal dos seguintes aspectos:

- Manter un contacto directo coa contorna próxima e aprender a descubrir e interpretar a realidade.
- Interactuar coa contorna de acordo cos hábitos de saúde e coidado persoal esixidos.
- Recoñecer o medio natural, os cambios e transformacións que nel se producen, colaborando activamente no seu coidado e conservación.
- Recoñecer as manifestacións culturais próximas e doutras realidades.

A metodoloxía de traballo exposta para este plan de recuperación baséase nunha serie de principios educativos fundamentais:

- CONSISTENCIA EVOLUTIVA, tendo en conta o nivel evolutivo do meu alumnado na planificación das actividades e experiencias.
- INDIVIDUALIZACIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE, ofertando unha educación personalizada, tendo en conta as necesidades e intereses do alumnado, perseguindo o desenvolvemento global de todas as súas capacidades, apoiándome no Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA).

- GAMIFICACIÓN, partindo de propostas motivadoras que incentiven aos nenos e nenas a participar.
- ACTIVIDADE INFANTIL, situando ao alumnado como centro de todo o proceso de ensino e aprendizaxe, proporcionando situacións nas que sexan protagonistas, experimenten, fagan propostas, reflexionen, tomen decisións e sexan partícipes de forma activa.
- APRENDIZAXE BASEADA EN XOGOS, convertendo a actividade lúdica no principal instrumento de intervención, permitindo ao alumnado desenvolver as súas habilidades perceptivo-motrices, cognitivas e sociais.
- PRINCIPIO DE REDUNDANCIA, proporcionando ao alumnado o mesmo contido pero a partir de diferentes soportes ou referentes, favorecendo así a súa interiorización.

## 4.5.Ciencias da natureza. Alba amoedo.

### *4.5.1.Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, grao de consecución, competencias clave e procedementos de avaliación*

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA | | | | | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B1.1. Iniciación á actividade científica.<br>▪ B1.2. Realización de proxectos con guía na súa estrutura e presentación de resultados.<br>▪ B1.3. Busca guiada de información en internet e noutros soportes.<br>▪ B1.4. Elaboración guiada de textos escritos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. | ▪ B1.1. Buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes. | ▪ CNB1.1.1. Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado de forma oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada, en diferentes soportes. | ▪ Iníciase na busca e selección de información. | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC<br>▪ CD | ▪ Observación<br>▪ Informática<br>▪ Investigación |
| | | | ▪ CNB1.1.2. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións. | ▪ É autónomo na realización de tarefas sinxelas. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE | ▪ Observación |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ m | ▪ B1.5. O traballo cooperativo.<br>▪ B1.6. Iniciación ás técnicas de traballo. Recursos e técnicas de traballo intelectual.<br>▪ B1.7. Hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade. | ▪ B1.2. Traballar de forma cooperativa, respectando os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia. | ▪ CNB1.2.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia. | ▪ Traballa de xeito individual e en equipo respectando as normas. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE | ▪ Observación<br>▪ Equipos |
| BLOQUE 2. O SER HUMANO E A SAÚDE | | | | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ k<br>▪ m | ▪ B2.1. Identificación do home e da muller como seres vivos.<br>▪ B2.2. Comparación con outros seres vivos.<br>▪ B2.3. Observación de igualdades e diferenzas entre as persoas.<br>▪ B2.4. Identificación das partes do | ▪ B2.1. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade. | ▪ CNB2.1.1. Identifica semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade. | ▪ Identifica semellanzas e diferenzas entre as persoas. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC | ▪ Observación<br>▪ Fichas<br>▪ Caderno<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ CNB2.1.2. Recoñece partes do propio corpo. | ▪ Recoñece partes do propio corpo. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC | ▪ Observación<br>▪ Fichas<br>▪ Caderno |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | corpo humano.<br>▪ B2.5. Identificación e verbalización de emocións (medo, tristura, enfado, ledicia) e sentimentos propios e alleos. | | ▪ CNB2.1.3. Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos. | ▪ Verbaliza e comparte emocións e sentimentos. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ k<br>▪ m | ▪ B2.6. Hábitos que inflúen nunha vida saudable: alimentación variada e equilibrada, a hixiene persoal, o exercicio físico regulado, o descanso e a adecuada utilización do tempo de lecer. | ▪ B2.2. Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a práctica de determinados hábitos: a hixiene persoal, a alimentación variada, o exercicio físico regulado sen excesos ou o descanso diario. | ▪ CNB2.2.1. Relaciona a vida saudable cunha alimentación adecuada. | ▪ Relaciona a vida saudable cunha alimentación adecuada. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC | ▪ Observación<br>▪ Investigación<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, os hábitos de hixiene e o tempo de lecer coa propia saúde. | ▪ Relaciona o exercicio físico, os hábitos de hixiene e o tempo de lecer coa propia saúde. | ▪ CMCT<br>▪ CSC | ▪ Observación<br>▪ Investigación<br>▪ Asemblea |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.7. Identificación de alimentos diarios necesarios.<br>▪ B2.8. Análise e costumes na alimentación diaria. | ▪ B2.3. Deseñar, de forma colectiva, un menú semanal de merendas saudables para o recreo. | ▪ CNB2.3.1. Analiza os seus costumes na alimentación diaria e aplica o menú semanal de merendas na escola. | ▪ Analiza os seus costumes na alimentación diaria. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE | ▪ Observación<br>▪ Investigación<br>▪ Asemblea |
| BLOQUE 3. OS SERES VIVOS | | | | | | |
| ▪ e<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B3.1. Os seres vivos: as plantas e os animais.<br>▪ B3.2. Identificación das características e dos comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao seu medio. | ▪ B3.1. Identificar e explicar en diferentes soportes, as principais características das plantas e dos animais. | ▪ CNB3.1.1. Explica as principais diferenzas entre plantas e animais empregando diferentes soportes. | ▪ Comprende as principais diferenzas entre plantas e animais. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| | | | ▪ CNB3.1.2. Identifica e describe, con criterios elementais, animais e plantas do seu contorno. | ▪ Identifica e describe animais e plantas do seu contorno. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| | | | ▪ CNB3.1.3. Amosa condutas de respecto e coidado cara aos seres vivos. | ▪ Amosa condutas de respecto e coidado cara aos seres vivos. | ▪ CMCCT | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B3.3. Observación e identificación de animais e plantas do contorno.<br>▪ B3.4. Clasificación e rexistro dos seres vivos do contorno segundo criterios observables e variados | ▪ B3.2. Observar e identificar, de maneira elemental e en equipo, algún ser vivo no seu medio natural ou na aula e comunicar de xeito oral e escrito os resultados, | ▪ CNB3.2.1. Recolle datos a partir da súa observación e comunícaos empregando diferentes soportes. | ▪ Recolle datos sinxelos a partir da súa observación. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CD | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas<br>▪ Investigación<br>▪ Asemblea |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ i<br>▪ j<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ o | empregando diferentes soportes.<br>▪ B3.5. Valoración da responsabilidade no coidado de plantas e animais domésticos e do contorno. | empregando diferentes soportes. | | | | |
| BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA | | | | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B4.1. Tarefas de redución, reutilización e reciclaxe na escola e no seu contorno próximo.<br>▪ B4.2. Uso responsable da auga na vida cotiá<br>▪ B4.3. Identificación do ruído como unha forma de contaminación acústica e de fontes sonoras do contorno próximo. | ▪ B4.1. Adoptar medidas de protección medioambientais e poñelas en práctica na escola. | ▪ CNB4.1.1. Reduce, reutiliza e recicla obxectos na escola. | ▪ Reduce, reutiliza e recicla obxectos na escola. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE | ▪ Observación<br>▪ Investigación<br>▪ Traballos |
| | | | ▪ CNB4.1.2. Identifica e adopta medidas de uso responsable da auga na escola. | ▪ Adopta medidas de uso responsable da auga na escola. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC | ▪ Observación |
| ▪ b<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B4.4. Exploración de materiais e obxectos do contorno para identificar propiedades físicas observables (cor, dureza, cheiro, sabor e textura) e a súa utilidade. | ▪ B4.2. Experimentar e manipular instrumentos e obxectos sinxelos de uso cotián identificando algunhas propiedades físicas. | ▪ CNB4.2.1. Identifica cor, dureza, cheiro, sabor e textura en materiais e obxectos de uso cotián. | ▪ Identifica as características principais de distintos materiais. | ▪ CMCCT | ▪ Observación<br>▪ Investigación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS | | | | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ j<br>▪ m | ▪ B5.1. Observación e clasificación de aparellos e máquinas sinxelas do contorno identificando a súa utilidade e evitando estereotipos sexistas.<br>▪ B5.2. Manipulación e observación do funcionamento de aparellos sinxelos domésticos e escolares (lapis, afialapis, teléfono, balanza, tesoira, espremedor etc.)<br>▪ B5.3. Montaxe e desmontaxe de xogos e obxectos sinxelos relacionados coa vida cotiá. | ▪ B5.1. Manexar obxectos e aparellos simples domésticos e escolares, describir os seus materiais e o seu funcionamento e utilizalos con seguridade evitando estereotipos sexistas. | ▪ CNB5.1.1. Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno e evita estereotipos sexistas. | ▪ Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Investigación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| | | | ▪ CNB5.1.2. Identifica e manexa algúns aparellos e máquinas simples de uso cotián empregándoos con seguridade e evitando estereotipos sexistas. | ▪ Identifica e manexa algúns aparellos e máquinas simples de uso cotián. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE | ▪ Observación<br>▪ Investigación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas<br>▪ Experimentos |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B5.4. Identificación dos compoñentes básicos dun ordenador.<br>▪ B5.5 Coidado dos recursos informáticos. | ▪ B5.2. Empregar o ordenador identificando os compoñentes básicos e coidando o seu uso. | ▪ CNB5.2.1. Identifica e nomea correctamente as partes dun ordenador cando traballa con el. | ▪ Identifica e nomea as partes principais dun ordenador. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Informática |
| | | | ▪ CNB5.2.2. Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso. | ▪ Iníciase no uso do ordenador. | ▪ CMCCT<br>▪ CD | ▪ Observación<br>▪ Informática |

### *4.5.2.Contidos mínimos en caso de actividade lectiva non presencial*

En caso de establecerse un período longo de actividade lectiva non presencial, consideraranse como estándares de aprendizaxe imprescindibles os seguintes:

- ✓ Iníciase na busca e selección de información e recolle datos sinxelos.
- ✓ Recoñece partes do propio corpo.
- ✓ Relaciona a vida saudable cunha alimentación adecuada, exercicio físico, hábitos de hixiene e tempo de lecer.
- ✓ Comprende as principais diferenzas entre plantas e animais.
- ✓ Identifica e describe animais e plantas do seu contorno e amosa condutas de respecto e coidado cara aos seres vivos.
- ✓ Comprende a necesidade de reducir, reutilizar e reciclar e do uso responsable da auga.
- ✓ Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno.

### *4.5.3.Temporalización*

Para esta materia non se realiza a principio de curso unha temporalización pechada que faga corresponder cada un dos contidos a tratar cunha das semanas lectivas do curso. Os contidos iranse traballando en función dos intereses do alumnado e das necesidades que o docente vaia percibindo no grupo - clase.

O papel do docente será ir dirixindo e redireccionando as inquedanzas dos discentes, ilas adaptando ao currículo de 1º e asegurarse da adquisición de cada unha das competencias e do tratamento de cada un dos distintos contidos do curso.

Máis alá do momento en que se vaia a traballar cada un dos conceptos, o importante é que se traballen todos.

A través deste documento, o docente poderá rexistrar, de forma diaria e sistemática, o traballo realizado e as aprendizaxes adquiridas. Deste xeito, a temporalización irase realizando de xeito semanal ou quincenal. Así, asegurámonos de que o aprendizaxe é o máis significativo posible para o alumnado, xa que a temporalización vaise creando en función dos seus propios intereses, das aprendizaxes que xa teñen adquiridas e das necesidades do grupo, tendo sempre en conta as esixencias do currículo.

### *4.5.4.Concrecións metodolóxicas*

Os contidos da área de Ciencias da natureza están interrelacionados cos doutras áreas polo que se potenciará un enfoque globalizador e interdisciplinario que teña en conta a transversalidade da aprendizaxe baseada en competencias.

Os contidos serán traballados na aula arredor da realización de tarefas integradas que faciliten a contextualización de aprendizaxes, proxectos, pequenas investigacións no medio, actividades de experimentación, resolución de problemas concretos e realización de debates sobre temas de actualidade onde o alumnado avance no desempeño das competencias clave.

As estruturas de aprendizaxe cooperativa posibilitarán a resolución conxunta de tarefas, proxectos e investigacións, fomentarán hábitos de traballo en equipo e de resolución pacífica de conflitos e potenciarán unha axeitada atención á diversidade.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

Terase en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo el e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.

### *4.5.5.Materiais e recursos didácticos*

Para a área de ciencias da natureza empregaremos:

- ✓ Lapis, goma e afialapis
- ✓ Un caderno grande “Cuadrovía Lamela” de 4 mm
- ✓ Libro de texto da editorial Santillana
- ✓ Un block de dúas anillas para ir arquivando o traballo rematado
- ✓ Diverso material escolar (tesoira, pegamento, lapis de cores, ceras, rotuladores, ...)
- ✓ Materiais de uso cotiá (palillos, pinzas, gomas, feixóns, lá, sal, ...)
- ✓ O ordenador e o proxector da aula
- ✓ Os ordenadores da biblioteca
- ✓ Libros de ficción e de consulta variados (da biblioteca de aula, da biblioteca do centro e os que o propio alumnado poida traer das súas casas)
- ✓ Revistas, xornais, folletos, carteis, ...
- ✓ Maquetas das partes do corpo humano, pesas e básculas, recipientes varios, moldes, ...
- ✓ Quebracabezas, puzles, xogos de mesa, ...

### *4.5.6.Avaliación e criterios de cualificación do alumnado*

A finalidade principal da **avaliación** é obter a información que permita adecuar o proceso de ensinanza ao progreso real na construción de aprendizaxes do alumnado. Á hora de avaliar, é necesario considerar a existencia ou non dunha madurez persoal que lle permita ó discente afrontar estudios posteriores. A avaliación polo tanto, non se refire só aos conceptos aprehendidos, senón que deberá basearse en:

- ✓ A aptitude, a facilidade mostrada ante cada unha das materias.
- ✓ A comprensión e aplicación do aprendido en situacións de práctica.
- ✓ A actitude, referida esta ao interese, á axuda aos demais, ao comportamento social, ...

Ademais disto, débense ter en conta os tres tipos de avaliación dos que dispoñemos:

- ✓ Avaliación inicial ou diagnóstica: é a que nos di se o alumnado domina realmente os contidos que teñen carácter previo respecto a unha nova aprendizaxe. Isto é o único que garante a aprendizaxe significativa.
- ✓ Avaliación formativa ou continua: prodúcese ao longo do desenrolo da materia e implica a detección de como cada alumno/-a se sitúa na actividade escolar.
- ✓ Avaliación final ou sumativa: baseada no aprendido a partir da avaliación inicial.

Deste xeito o proceso de avaliación ten maior fiabilidade que cunha única avaliación final, xa que partimos dun punto coñecido e podemos comprobar as melloras experimentadas polo alumnado ao longo da aprendizaxe a partir dos seus coñecementos previos. Así, se o suxeito posúe xa os mínimos esixidos na materia faise necesario deseñar unha actuación con actividades de ampliación sobre o programa previsto. En resumo, que á hora de avaliar ten que contar máis o que se aprende que o que se sabe, é dicir, que se debe considerar a consecución dos obxectivos partindo das capacidades.

O referente para avaliar as aprendizaxes do alumnado son os **criterios de avaliación** e a súa concreción nos estándares de aprendizaxe avaliables e no grao de consecución dos mesmos. No deseño das situacións de aprendizaxe tomaranse en consideración tódolos elementos do currículo, entre eles os procedementos e instrumentos de avaliación, así como os **criterios de cualificación** que permitan avaliar tanto os resultados de área como o nivel competencial alcanzado polos alumnos e as alumnas.

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de Insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, Suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NT) ou Sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

- ✓Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.
- ✓Suficiente: 5.
- ✓Ben: 6.
- ✓Notable: 7 ou 8.

- ✓Sobresaliente: 9 ou 10.

Os criterios para a cualificación baséanse nas seguintes porcentaxes:

- ✓ Investigación 20%
- ✓ Conceptos 40%
- ✓ Traballo diario 20%
- ✓ Actitude e participación 20%

### *4.5.7.Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados*

No primeiro mes de clase, realizaranse unha serie de probas e exercicios para determinar os coñecementos que o alumnado xa ten adquiridos e os que non.

Ao tratarse de nenos e nenas de 1º curso, será necesario deseñar probas moi variadas que avalíen tamén o estado madurativo do alumno/-a, o nivel de autonomía, a asimilación das normas, o interese polo colexio, a disposición para aprender, ...

Faranse polo tanto algunhas pequenas probas de lectura e de escritura, probas orais de comprensión, de razoamento, de lóxica, ...

Nesta idade é moi importante que a avaliación teña tamén en conta a observación diaria e sistemática de cada un dos nenos e nenas dentro da aula, xa que isto aporta moitos datos e moita información do alumnado de xeito individual e tamén a nivel de grupo.

O departamento de orientación, pasará tamén unhas probas específicas a toda a clase, tanto para apoiar esta avaliación inicial, como para detectar posibles necesidades específicas de apoio educativo.

A base é que o alumnado elabore significados propios a partir dos coñecementos adquiridos con anterioridade. Os puntos de partida de calquera actividade deberán ser as experiencias ou coñecementos previos, así como a realidade máis próxima ao alumnado, de xeito que isto posibilite a construción de novas aprendizaxes sobre o xa aprendido.

Polo tanto, o feito de ter en conta os resultados da avaliación inicial, é un punto clave para que o proceso de ensinanza aprendizaxe funcione.

Por suposto, o alumnado presentará resultados moi diversos e mostrará distintos niveis de aprendizaxe. Estes resultados son os que deben guiar a práctica docente. En base a estes resultados, debe axustarse a programación e o proceso de individualización dentro da aula.

### *4.5.8.Aprendizaxes non adquiridas no curso 2019-2020*

Na avaliación inicial haberá que prestar especial atención ás aprendizaxes que non foron adquiridas polo alumnado durante o pasado curso.

Ao tratarse do 1º curso de Primaria, e debido á situación de actividade lectiva non presencial que se deu no curso pasado, as diferenzas entre os niveis do alumnado poden ser moi grandes. Sendo nenos e nenas de tan curta idade, só podían seguir o traballo na casa co apoio continuado das familias e isto non foi posible en tódolos casos.

Así e todo, na Educación Infantil non se pretende que o alumnado chegue a Primaria coa lectoescritura totalmente adquirida, polo que as aprendizaxes non adquiridas no curso pasado non teñen por que afectar de xeito moi significativo ao 1º curso de Primaria.

### *4.5.9.Plan de recuperación*

A recuperación das aprendizaxes non adquiridas no curso 2019-2020, realizaranse de xeito progresivo ao longo dos tres trimestres.

Ao tratarse do 1º curso de Primaria e non ser obrigatoria a Educación Infantil, a situación non dista moito de cursos anteriores. O nivel do alumnado sempre é moi heteroxéneo en tódolos ámbitos. Algúns nenos e nenas xa len mentres que outros aínda non diferencian as vogais, algúns xa coñecen os números ata o 100 e outros aínda non coñecen os números ata o 10. Esta situación é totalmente habitual nunha aula de 1º e esixe unha atención moi individualizada por parte do profesorado.

Será necesario comezar dende cero, tanto nas linguas como nas ciencias e nas matemáticas. En tódalas materias e en tódalas áreas, comezaremos como se o alumnado nunca estivese escolarizado. Vendo a resposta dos nenos e nenas con respecto a cada un dos contidos traballados e avaliando a cada momento os coñecementos previos dos que xa dispoñen, poderase ir adaptando semanalmente a temporalización dos contidos de 1º, a necesidade de reforzo ou ampliación, a necesidade dunha maior atención a determinados estándares de aprendizaxe ... Deste xeito, iranse recuperando pouco a pouco as aprendizaxes que o alumnado non puido traballar durante o curso pasado.

Prestando especial atención ás aprendizaxes previas necesarias para a adquisición de cada un dos novos contidos, reforzando estas aprendizaxes e buscando a relación cos novos contidos, é o único xeito de poder garantir que a adquisición de aprendizaxes por parte do alumnado sexa realmente significativa.

Despois de tanto tempo sen que o alumnado asista a clases presenciais e en vista da actual situación sanitaria, será necesario traballar especialmente as normas, as rutinas, a cohesión do grupo, o respecto polos espazos e o coidado e hixiene da aula e do material.

## 4.6. Valores sociais e cívicos. Alba Amoedo.

### 4.6.1.Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, grao de consecución, competencias clave e procedementos de avaliación

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| BLOQUE 1. A IDENTIDADE E A DIGNIDADE DA PERSOA | | | | | | |
| ▪ m | ▪ B1.1. O autocoñecemento. A toma de conciencia dun mesmo/a. A autopercepción positiva das calidades persoais. A descrición física. | ▪ B1.1. Crear unha imaxe positiva dun mesmo/a valorando positivamente as súas características físicas e calidades, expresándoa mediante a linguaxe oral e representacións. | ▪ VSCB1.1.1. Expresa a percepción da súa propia identidade. | ▪ Expresa a percepción da súa propia identidade. | ▪ CSC | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ VSCB1.1.2.Expresa oralmente a súa autodescrición. | ▪ Expresa oralmente a súa autodescrición. | ▪ CSC<br>▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ VSCB1.1.3. Manifesta verbalmente unha visión positiva das súas características físicas e calidades persoais. | ▪ Manifesta unha visión positiva de si mesmo. | ▪ CSC<br>▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| ▪ a<br>▪ m | ▪ B1.2. As emocións. Identificación e expresión. O vocabulario das emocións. Os estados de ánimo. | ▪ B1.2.Tomar conciencia das emocións, recoñecendo os signos físicos que as poden acompañar. | ▪ VSCB1.2.1. Identifica e comunica as súas emocións. | ▪ Identifica e comunica as súas emocións. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ VSCB1.2.2.Describe oralmente os signos físicos que acompañan as diferentes emocións | ▪ Recoñece os signos físicos que acompañan as diferentes emocións | ▪ CSC<br>▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ VSCB1.2.3.Dramatiza diferentes estados de ánimo. | ▪ Dramatiza diferentes estados de ánimo. | ▪ CCL<br>▪ CCEC | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| ▪ m | ▪ B1.3. A autorregulación das condutas cotiás. O control dos impulsos. A relaxación. | ▪ B1.3. Autorregular as condutas cotiás e adquirir algunha estratexia de control dos impulsos. | ▪ VSCB1.3.1.Participa na práctica de técnicas de relaxación. | ▪ Participa na práctica de técnicas de relaxación. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ VSCB1.3.2.Emprega algunhas estratexias que lle axudan a sentirse mellor. | ▪ Emprega algunhas estratexias que lle axudan a sentirse mellor. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ VSCB1. 3.3. Interpreta o contorno e desenvólvese nel con autonomía. | ▪ É autónomo no colexio. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| ▪ b | ▪ B1.4. A responsabilidade. A realización responsable das tarefas. | ▪ B1.4. Desenvolver actitudes para actuar con motivación e | ▪ VSCB1.4.1.Realiza as tarefas seguindo as pautas acordadas. | ▪ Realiza as tarefas seguindo as pautas | ▪ CSIEE | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | As consecuencias das accións. A motivación extrínseca. | responsabilidade. | | acordadas. | | |
| | | | ▪ VSCB1.4.2. Analiza e manifesta verbalmente que e como aprendeu. | ▪ Analiza que e como aprendeu. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| | | | BLOQUE 2. A COMPRENSIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS | | | |
| ▪ m | ▪ B2.1. Habilidades de comunicación: A importancia de pensar o que se vai expresar. Compoñentes da comunicación non verbal: postura, xestos, expresión facial. | ▪ B2.1. Expresar opinións, emocións e estados de ánimo empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal | ▪ VSCB2.1.1. Imita e reproduce expresións, sentimentos e estados de ánimo coordinando a expresión verbal coa facial e corporal. | ▪ Exprésase coordinando a expresión verbal coa corporal. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ VSCB2.1.2. Responde preguntas relacionadas con situacións vividas e con imaxes observadas. | ▪ Responde preguntas sobre a súa propia experiencia. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ VSCB2.1.3. Emprega a comunicación verbal para comunicar afectos e emocións con amabilidade. | ▪ Expresa afectos e emocións. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B2.2. A conversa. A expresión clara das ideas. A escoita atenta. O respecto da quenda de palabra. | ▪ B2.2. Aprender a comunicarse expresando de forma clara as ideas, escoitando con atención e respectando a quenda de palabra. | ▪ VSCB2.2.1. Expresa axeitadamente, experiencias, ideas, pensamentos e emocións en exposicións orais. | ▪ Expresa axeitadamente, experiencias, ideas, pensamentos e emocións. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ VSCB2.2.2. Escoita, entende e dá sentido ás ideas que expoñen outras persoas durante o traballo en equipo | ▪ Atende ás ideas dos outros no traballo en equipo. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE | ▪ Observación<br>▪ Equipos |
| | | | ▪ VSCB2.2.3. Conversa sobre un tema proposto e respecta a quenda de palabra. | ▪ Respecta o tema de conversación e a quenda de palabra. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| ▪ m | ▪ B2.3. O respecto e a valoración dos e das demais. A empatía. | ▪ B2.3.Comprender a outras persoas, detectar e expresar as súas características e identificar as súas emocións. | ▪ VSCB2.3.1. Describe oralmente as características de diferentes persoas. | ▪ Describe oralmente as características de diferentes persoas. | ▪ CSC<br>▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ VSCB2.3.2. Recoñece e explica emocións e estados de ánimo das demais persoas. | ▪ Recoñece e explica emocións e estados de ánimo das demais persoas. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | ▪ VSCB2.3.3. Identifica e comunica as emocións dos e das personaxes en fotografías, pinturas ou películas. | ▪ Identifica e comunica as emocións dos e das personaxes. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ VSCB2.3.4. Dramatiza feitos observados, reflectindo os sentimentos e estados de ánimo dos e das protagonistas. | ▪ Dramatiza reflectindo os sentimentos e estados de ánimo. | ▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| ▪ e<br>▪ m | ▪ B2.4. O respecto e a valoración. A comprensión dos e das demais. A detección das calidades doutras persoas. O descubrimento e a comprensión das diferenzas. | ▪ B2.4. Descubrir e comprender as diferenzas entre as persoas, realizar valoracións positivas das súas calidades e facer cumprimentos. | ▪ VSCB2.4.1. Representa e dramatiza diferentes formas de vida. | ▪ Representa e dramatiza diferentes formas de vida. | ▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ VSCB2.4.2. Identifica necesidades dos seus compañeiros e compañeiras, resalta as súas calidades e emite cumprimentos. | ▪ Identifica necesidades dos seus compañeiros e compañeiras. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| BLOQUE 3. A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS | | | | | | |
| ▪ m | ▪ B3.1. As habilidades sociais. A detección das propias necesidades. A boa disposición para recibir e dar axuda. A participación en actividades lúdicas grupais. O gozo da amizade. | ▪ B3.1. Participar en actividades grupais e de equipo, tendo en conta as propias necesidades e amosando unha boa disposición para recibir e dar axuda. | ▪ VSCB3.1.1. Desenvolve actitudes de colaboración en situacións informais de interacción social. | ▪ Colabora cos demais. | ▪ CSC<br>▪ CNIEE | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ VSCB3.1.2. Pide axuda, cando a precisa, e presta axuda aos compañeiros e compañeiras. | ▪ Pide axuda, cando a precisa, e presta axuda aos compañeiros. | ▪ CSC<br>▪ CNIEE | ▪ Observación<br>▪ Asemblea<br>▪ Equipos |
| | | | ▪ VSCB3.1.3. Mantén boas relacións cos compañeiros e compañeiras. | ▪ Mantén boas relacións cos compañeiros e compañeiras. | ▪ CSC | ▪ Observación<br>▪ Asemblea<br>▪ Equipos |
| | | | ▪ VSCB3.1.4. Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula. | ▪ Relaciónase cos outros abertamente. | ▪ CSC<br>▪ CNIEE | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| ▪ c | ▪ B3.2. A resolución de conflitos. Identificación de situacións agradables e desagradables na vida | ▪ B3.2.Recoñecer, explicar e buscar solucións sinxelas aos conflitos habituais no colexio. | ▪ VSCB3.2.1.Soluciona os problemas persoais da vida escolar coa independencia adecuada a súa idade | ▪ Iníciase na resolución de problemas de forma autónoma. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CSC | ▪ Observación<br>▪ Asemblea<br>▪ Equipos |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | cotiá. Recoñecemento dos conflitos habituais. Explicación dos conflitos cotiás. | | | | | |
| ▪ a<br>▪ o | ▪ B3.3. As normas de convivencia. O coñecemento e o respecto das normas de convivencia na casa e na aula. A valoración das condutas cotiás en relación coas normas de convivencia.<br>▪ B3.4. Respecto e conservación do medio ambiente. O uso responsable dos materiais persoais e escolares. | ▪ B3.3.Valorar as condutas cotiás en relación ás normas de convivencia do colexio e realizar un uso responsable dos materiais escolares. | ▪ VSCB3.3.1. Coñece e enumera as normas de convivencia da aula. | ▪ Coñece as normas de convivencia da aula. | ▪ CSC | ▪ Observación |
| | | | ▪ VSCB3.3.2. Pon en práctica procesos e razoamentos sinxelos para valorar se determinadas condutas son acordes ás normas de convivencia escolares. | ▪ Recoñece as condutas que son acordes ás normas de convivencia. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE | ▪ Observación |
| | | | ▪ VSCB3.3.3. Fai uso adecuado do material. | ▪ Fai uso adecuado do material. | ▪ CSC | ▪ Observación |
| ▪ d | ▪ B3.5.Valoración da igualdade de dereitos entre homes e mulleres na familia e na escola. | ▪ B3.4. Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade de homes e mulleres. | ▪ VSCB3.4.1. Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo. | ▪ Realiza actividades independentemente do seu sexo. | ▪ CSC | ▪ Observación |
| | | | ▪ VSCB3.4.2. Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares. | ▪ Colabora con persoas do outro sexo. | ▪ CSC | ▪ Observación |
| ▪ n | ▪ B3.6. A educación viaria. As normas básicas de educación viaria. Sinais de tráfico para os peóns ou peoas. | ▪ B3.5. Valorar as normas de seguridade viaria. | ▪ VSCB3.5.1. Colabora en campañas escolares sobre a importancia do respecto das normas de educación viaria. | ▪ Recoñece a importancia do respecto polas normas de educación viaria. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ VSCB3.5.2. Recoñece e interpreta o significado dos sinais de tráfico de uso frecuente. | ▪ Recoñece o significado dos sinais de tráfico de uso frecuente. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ VSCB3.5.3. Explica oralmente a importancia de respectar os sinais de tráfico. | ▪ Coñece a importancia de respectar os sinais de tráfico. | ▪ CSC<br>▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |

### 4.6.2.Contidos mínimos en caso de actividade lectiva non presencial

En caso de establecerse un período longo de actividade lectiva non presencial, consideraranse como estándares de aprendizaxe imprescindibles os seguintes:

- ✓ Expresa a percepción da súa propia identidade e manifesta unha visión positiva de si mesmo.
- ✓ Identifica e comunica as súas emocións así como experiencias, ideas e pensamentos propios.
- ✓ Recoñece e explica emocións, necesidades e estados de ánimo das demais persoas.
- ✓ Colabora cos demais, pide axuda, cando a precisa, e presta axuda aos compañeiros.

### 4.6.3.Temporalización

Para esta materia non se realiza a principio de curso unha temporalización pechada que faga corresponder cada un dos contidos a tratar cunha das semanas lectivas do curso. Os contidos iranse traballando en función dos intereses do alumnado e das necesidades que o docente vaia percibindo no grupo - clase.

O papel do docente será ir dirixindo e redireccionando as inquedanzas dos discentes, ilas adaptando ao currículo de 1º e asegurarse da adquisición de cada unha das competencias e do tratamento de cada un dos distintos contidos do curso.

Máis alá do momento en que se vaia a traballar cada un dos conceptos, o importante é que se traballen todos.

A través deste documento, o docente poderá rexistrar, de forma diaria e sistemática, o traballo realizado e as aprendizaxes adquiridas. Deste xeito, a temporalización irase realizando de xeito semanal ou quincenal. Así, asegurámonos de que o aprendizaxe é o máis significativo posible para o alumnado, xa que a temporalización vaise creando en función dos seus propios intereses, das aprendizaxes que xa teñen adquiridas e das necesidades do grupo, tendo sempre en conta as esixencias do currículo.

### 4.6.4.Concrecións metodolóxicas

O ensino da área require estimular a axuda mutua e o traballo cooperativo, co que a través da comunicación oral, o diálogo e a interacción entre o alumnado se contribuirá a desenvolver a competencia para participar activamente nun equipo, a análise e a reorganización das propias

ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas e a solidariedade, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

Debe potenciar, ademais, o desenvolvemento de competencias que lles permitan aos alumnos e as alumnas considerarse valiosos e valiosas e axudar ás demais persoas, á vez que se senten recoñecidos e recoñecidas e se mostran receptivos e receptivas para recibir axuda na resolución de problemas.

As propostas metodolóxicas son decisivas para favorecer que se integren na súa vida cotiá o coñecemento de principios, valores e estratexias de regulación emocional, contribuíndo así á súa incorporación á vida adulta de maneira satisfactoria, desenvolvendo a capacidade de asumir os seus deberes e defender os seus dereitos, exercer a cidadanía activa e desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Polo tanto, necesariamente, haberá que partir das experiencias, problemas e intereses do alumnado ─xa que todo o traballado nesta área ten un compoñente vivencial─ para propiciar o pensamento en perspectiva e a implicación emocional. Cumprirá deseñar tarefas e/ou proxectos de traballo en contextos auténticos que permitan levar a cabo estas vivencias e que potencien que cada rapaz e cada rapaza teñan os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e das súas contribucións aos diferentes grupos nos que desenvolven a actividade. De aí a importancia de propoñer o traballo cooperativo para a realización das tarefas, que lles permite ás alumnas e aos alumnos a análise, a expresión e a interpretación de pensamentos, sentimentos e feitos en distintos contextos sociais e culturais, así como o uso da linguaxe para regular a conduta e relacionarse cos demais.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

Terase en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo el e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.

### 4.6.5.Materiais e recursos didácticos

Para a área de valores sociais e cívicos empregaremos:

- ✓ Lapis, goma e afialapis
- ✓ Diverso material escolar (tesoira, pegamento, lapis de cores, ceras, rotuladores ...)
- ✓ O ordenador e o proxector da aula
- ✓ Os ordenadores da biblioteca
- ✓ Libros de ficción e de consulta variados (da biblioteca de aula, da biblioteca do centro e os que o propio alumnado poida traer das súas casas)
- ✓ Revistas, xornais, folletos, carteis ...
- ✓ Quebracabezas, puzles, xogos de mesa ...

### 4.6.6.Avaliación e criterios de cualificación do alumnado

A finalidade principal da **avaliación** é obter a información que permita adecuar o proceso de ensinanza ao progreso real na construción de aprendizaxes do alumnado. Á hora de avaliar, é necesario considerar a existencia ou non dunha madurez persoal que lle permita ó discente afrontar estudios posteriores. A avaliación polo tanto, non se refire só aos conceptos aprehendidos, senón que deberá basearse en:

- ✓ A aptitude, a facilidade mostrada ante cada unha das materias.
- ✓ A comprensión e aplicación do aprendido en situacións de práctica.
- ✓ A actitude, referida esta ao interese, á axuda aos demais, ao comportamento social, ...

Ademais disto, débense ter en conta os tres tipos de avaliación dos que dispoñemos:

- ✓ Avaliación inicial ou diagnóstica: é a que nos di se o alumnado domina realmente os contidos que teñen carácter previo respecto a unha nova aprendizaxe. Isto é o único que garante a aprendizaxe significativa.

- ✓ Avaliación formativa ou continua: prodúcese ao longo do desenrolo da materia e implica a detección de como cada alumno/-a se sitúa na actividade escolar.
- ✓ Avaliación final ou sumativa: baseada no aprendido a partir da avaliación inicial.

Deste xeito o proceso de avaliación ten maior fiabilidade que cunha única avaliación final, xa que partimos dun punto coñecido e podemos comprobar as melloras experimentadas polo alumnado ao longo da aprendizaxe a partir dos seus coñecementos previos. Así, se o suxeito posúe xa os mínimos esixidos na materia faise necesario deseñar unha actuación con actividades de ampliación sobre o programa previsto. En resumo, que á hora de avaliar ten que contar máis o que se aprende que o que se sabe, é dicir, que se debe considerar a consecución dos obxectivos partindo das capacidades.

O referente para avaliar as aprendizaxes do alumnado son os **criterios de avaliación** e a súa concreción nos estándares de aprendizaxe avaliables e no grao de consecución dos mesmos. No deseño das situacións de aprendizaxe tomaranse en consideración tódolos elementos do currículo, entre eles os procedementos e instrumentos de avaliación, así como os **criterios de cualificación** que permitan avaliar tanto os resultados de área como o nivel competencial alcanzado polos alumnos e as alumnas.

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de Insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, Suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NT) ou Sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

- ✓Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.
- ✓Suficiente: 5.
- ✓Ben: 6.
- ✓Notable: 7 ou 8.
- ✓Sobresaliente: 9 ou 10.

Os criterios para a cualificación baséanse nas seguintes porcentaxes:

- ✓ Expresión oral 20%
- ✓ Conceptos 10%

- ✓ Traballo diario 30%
- ✓ Actitude e participación 40%

### *4.6.7.Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados*

No primeiro mes de clase, realizaranse unha serie de probas e exercicios para determinar os coñecementos que o alumnado xa ten adquiridos e os que non.

Ao tratarse de nenos e nenas de 1º curso, será necesario deseñar probas moi variadas que avalíen tamén o estado madurativo do alumno/-a, o nivel de autonomía, a asimilación das normas, o interese polo colexio, a disposición para aprender, ...

Faranse polo tanto algunhas pequenas probas de lectura e de escritura, probas orais de comprensión, de razoamento, de lóxica, ...

Nesta idade é moi importante que a avaliación teña tamén en conta a observación diaria e sistemática de cada un dos nenos e nenas dentro da aula, xa que isto aporta moitos datos e moita información do alumnado de xeito individual e tamén a nivel de grupo.

O departamento de orientación, pasará tamén unhas probas específicas a toda a clase, tanto para apoiar esta avaliación inicial, como para detectar posibles necesidades específicas de apoio educativo.

A base é que o alumnado elabore significados propios a partir dos coñecementos adquiridos con anterioridade. Os puntos de partida de calquera actividade deberán ser as experiencias ou coñecementos previos, así como a realidade máis próxima ao alumnado, de xeito que isto posibilite a construción de novas aprendizaxes sobre o xa aprendido.

Polo tanto, o feito de ter en conta os resultados da avaliación inicial, é un punto clave para que o proceso de ensinanza aprendizaxe funcione.

Por suposto, o alumnado presentará resultados moi diversos e mostrará distintos niveis de aprendizaxe. Estes resultados son os que deben guiar a práctica docente. En base a estes resultados, debe axustarse a programación e o proceso de individualización dentro da aula.

### *4.6.8.Aprendizaxes non adquiridas no curso 2019-2020*

Na avaliación inicial haberá que prestar especial atención ás aprendizaxes que non foron adquiridas polo alumnado durante o pasado curso.

Ao tratarse do 1º curso de Primaria, e debido á situación de actividade lectiva non presencial que se deu no curso pasado, as diferenzas entre os niveis do alumnado poden ser moi grandes. Sendo nenos e nenas de tan curta idade, só podían seguir o traballo na casa co apoio continuado das familias e isto non foi posible en tódolos casos.

Así e todo, na Educación Infantil non se pretende que o alumnado chegue a Primaria coa lectoescritura totalmente adquirida, polo que as aprendizaxes non adquiridas no curso pasado non teñen por que afectar de xeito moi significativo ao 1º curso de Primaria.

### *4.6.9.Plan de recuperación*

A recuperación das aprendizaxes non adquiridas no curso 2019-2020, realizaranse de xeito progresivo ao longo dos tres trimestres.

Ao tratarse do 1º curso de Primaria e non ser obrigatoria a Educación Infantil, a situación non dista moito de cursos anteriores. O nivel do alumnado sempre é moi heteroxéneo en tódolos ámbitos. Algúns nenos e nenas expresan correctamente os seus sentimentos e emocións e outros aínda non conseguen responder preguntas sinxelas sobre a súa propia experiencia. Esta situación é totalmente habitual nunha aula de 1º e esixe unha atención moi individualizada por parte do profesorado.

En tódalas materias e en tódalas áreas, comezaremos como se o alumnado nunca estivese escolarizado. Vendo a resposta dos nenos e nenas con respecto a cada un dos contidos traballados e avaliando a cada momento os coñecementos previos dos que xa dispoñen, poderase ir adaptando semanalmente a temporalización dos contidos de 1º, a necesidade de reforzo ou ampliación, a necesidade dunha maior atención a determinados estándares de aprendizaxe ... Deste xeito, iranse recuperando pouco a pouco as aprendizaxes que o alumnado non puido traballar durante o curso pasado.

Prestando especial atención ás aprendizaxes previas necesarias para a adquisición de cada un dos novos contidos, reforzando estas aprendizaxes e buscando a relación cos novos contidos, é o único xeito de poder garantir que a adquisición de aprendizaxes por parte do alumnado sexa realmente significativa.

Despois de tanto tempo sen que o alumnado asista a clases presenciais e en vista da actual situación sanitaria, será necesario traballar especialmente as normas, as rutinas, a cohesión do grupo, o respecto polos espazos e o coidado e hixiene da aula e do material.

## 4.7.Educación artística (plástica). Jorge A. Vázquez.

### 4.7.1.Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, grao de consecución, competencias clave e procedementos de avaliación

| 1ª Avaliación | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx** | **Contidos** | **Criterios Av.** | **Estándares** | **Grao Consecución** | **CC** | **Instrumentos Avaliación** | **Crit. cualif. (%)** |
| **BLOQUE 1: EDUCACIÓN AUDIOVISUAL** | | | | | | | |
| a<br>j<br>b | B1.1. Valoración e respecto polas obras plásticas do contorno. | B1.1. Amosar respecto pola área e polos diferentes tipos de expresión plástica. | EPB1.1.1. Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica | Mostra interese na observación de realizacións artísticas | CCEC<br>CSC | Listas de control, anecdotario | 5 |
| a<br>j<br>b | B1.2. Valoración da limpeza, a orde e a presentación ao realizar un traballo.<br>B1.3. Satisfacción na manipulación e na exploración de diferentes materiais.<br>B1.4. Interese por usar adecuadamente os instrumentos, os espazos etc. | B1.2. Valorar a limpeza, os materiais e a orde na realización dunha tarefa plástica e o seu produto final. | P1.2.1. Valora a importancia da limpeza, do coidado do material e da orde para alcanzar o resultado final proposto | Recolle o material tras o traballo | CCEC<br>CSC | Escalas de valoración | 9 |
| j<br>e | B1.5. Observación e exploración sensorial dos elementos plásticos presentes nos ámbitos natural, artificial e artístico.<br>B1.6. Descrición de imaxes presentes no contexto próximo.<br>B1.7. Observación de elementos plásticos do ambiente artificial presentes en edificios, moblaxe | B1.3. Describir calidades e características dos materiais, dos obxectos e dos instrumentos presentes no contexto natural e artificial. | EP1.3.2. Identifica, nomea e debuxa as formas básicas | Distingue texturas, cores e formas básicas | CCEC<br>CCL<br>CMCCT | Listas de control, análise de producións | 12 |
| | | | P1.3.3. Identifica os tamaños | Diferencia obxectos polo seu tamaño | CCEC<br>CMCCT | Listas de control, análise de producións | 12 |
| | | | EP1.3.4. Identifica e usa as cores aprendidas | Emprega as cores en realizacións plásticas, mostrando variedade | CCEC | Listas de control, análise de producións | 12 |

| 1ª Avaliación | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx** | **Contidos** | **Criterios Av.** | **Estándares** | **Grao Consecución** | **CC** | **Instrumentos Avaliación** | **Crit. cualif. (%)** |
| | urbana, luminosos ou sinais. | | | cromática | | | |
| j<br>e | B1.8. Descrición verbal de sensacións e observacións das obras plásticas.<br>B1.9. Observación da obra plástica e visual no contexto, en exposicións e en museos, e comentarios posteriores sobre elas.<br>B1.10. Expresión oral das impresións que a obra artística xera. | B1.4. Usar léxico sinxelo e adecuado para comentar as obras plásticas propias e alleas. | EPB1.4.1. Describe o que sente ou pensa sobre as súas propias creacións plásticas e as dos compañeiros e as compañeiras, usando o vocabulario axeitado | Expresa as súas opinións libremente | CCL<br>CSIEE<br>CCEC | Escalas de valoración | 4 |
| j | B1.11. Exploración de distancias, percorridos e situacións de obxectos e persoas en relación co espazo.<br>B1.12. Observación de diferentes maneiras de representar o espazo (fotografía aérea, planos de vivendas, maquetas, mapas etc.). | B1.5. Identificar diferentes formas de representación do espazo. | EPB1.5.1. Observa diferentes formas de presentar o espazo. | Observa con interese mapas, fotografías, maquetas | CCEC<br>CAA<br>CMCCT | Escalas de valoración | 4 |
| **BLOQUE 2: EXPRESIÓN ARTÍSTICA** | | | | | | | |
| j | B2.1. Uso de diferentes formas, texturas e cores nas producións. | B2.1. Probar en producións propias as posibilidades que adoptan as formas, texturas e cores. | EPB2.1.1. Manexa e emprega as diferentes texturas naturais e artificiais. | Emprega distintos materiais e formas nas súas realizacións | CCEC | Listas de control, análise de producións | 2 |
| | | | EPB2.1.2. Emprega os diferentes tipos de liña e experimenta con elas para completar debuxos. | Emprega distintos materiais e formas nas súas realizacións | CCEC<br>CSIEE | Listas de control, análise de producións | 12 |

| 1ª Avaliación | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx** | **Contidos** | **Criterios Av.** | **Estándares** | **Grao Consecución** | **CC** | **Instrumentos Avaliación** | **Crit. cualif. (%)** |
| j | B2.2. Elaboración de debuxos, pinturas, colaxes, estampaxes, ilustracións, volumes, encartado de formas etc.<br>B2.3. Manipulación de obxectos para a súa transformación (monicreques, disfraces, escenarios etc.).<br>B2.4. Exploración de recursos dixitais para a creación de obras. | B2.2. Realizar composicións plásticas que representen o mundo imaxinario, afectivo e social. | EPB2.2.2. Elabora portadas, colaxes e outros obxectos empregando as ferramentas e as técnicas básicas(recortar, pegar, encher; usar pinceis, rotuladores, lapis de cores etc.). | Emprega distintos materiais e formas nas súas realizacións | CCEC<br>CSIEE | Listas de control, análise de producións | 9 |
| | | | EPB2.2.3. Realiza un mosaico, coa axuda da cuadrícula identificando e recoñecendo os tamaños | Copia unha imaxe con axuda dunha cuadrícula | CCEC | Listas de control, análise de producións | 12 |
| a<br>b | B2.5. Manipulación adecuada de materiais, instrumentos e espazos | B2.3. Respectar e coidar os materiais, os utensilios e os espazos | EPB2.3.1. Respecta as normas preestablecidas e coida os materiais, os utensilios e os espazos | Recolle o material e limpa o espazo de traballo ao rematar as tarefas | CCEC<br>CSC | Escalas de valoración | 2 |

| 2ª Avaliación | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx** | **Contidos** | **Criterios Av.** | **Estándares** | **Grao Consecución** | **CC** | **Instrumentos Avaliación** | **Crit cualif (%)** |
| **BLOQUE 1: EDUCACIÓN AUDIOVISUAL** | | | | | | | |
| j<br>e | B1.5. Observación e exploración sensorial dos elementos plásticos presentes nos ámbitos natural, artificial e artístico.<br>B1.6. Descrición de imaxes presentes no contexto próximo.<br>B1.7. Observación de elementos plásticos do ambiente artificial | B1.3. Describir calidades e características dos materiais, dos obxectos e dos instrumentos presentes no contexto natural e artificial. | EP1.3.1. Describe calidades e características de materiais, obxectos e instrumentos presentes no contexto natural e artificial | Distingue texturas, cores e formas básicas | CCEC<br>CAA | Listas de control | 11 |
| | | | EP1.3.5. Nomea e recoñece as figuras xeométricas básicas e os elementos plásticos | Distingue texturas, cores e formas básicas | CCEC<br>CCL<br>CMCCT | Listas de control, análise de producións | 12 |

| 2ª Avaliación | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx** | **Contidos** | **Criterios Av.** | **Estándares** | **Grao Consecución** | **CC** | **Instrumentos Avaliación** | **Crit cualif (%)** |
| | presentes en edificios, moblaxe urbana, luminosos ou sinais. | | EP1.3.6. Recoñece e nomea as principais partes da figura humana | Sinala as partes da figura humana que se digan oralmente | CMCCT<br>CCL | Listas de control, análise de producións | 12 |
| j<br>e | B1.8. Descrición verbal de sensacións e observacións das obras plásticas.<br>B1.9. Observación da obra plástica e visual no contexto, en exposicións e en museos, e comentarios posteriores sobre elas.<br>B1.10. Expresión oral das impresións que a obra artística xera. | B1.4. Usar léxico sinxelo e adecuado para comentar as obras plásticas propias e alleas. | EPB1.4.1. Describe o que sente ou pensa sobre as súas propias creacións plásticas e as dos compañeiros e as compañeiras, usando o vocabulario axeitado | Expresa as súas opinións libremente | CCL<br>CSIEE<br>CCEC | Escalas de valoración | 4 |
| j | B1.11. Exploración de distancias, percorridos e situacións de obxectos e persoas en relación co espazo. B1.12. Observación de diferentes maneiras de representar o espazo<br>(fotografía aérea, planos de vivendas, maquetas, mapas etc.). | B1.5. Identificar diferentes formas de representación do espazo. | EPB1.5.1. Observa diferentes formas de presentar o espazo. | Observa con interese mapas, fotografías, maquetas | CCEC<br>CAA<br>CMCCT | Escalas de valoración | 4 |
| **BLOQUE 2: EXPRESIÓN ARTÍSTICA** | | | | | | | |
| j | B2.1. Uso de diferentes formas, texturas e cores nas producións. | B2.1. Probar en producións propias as posibilidades que adoptan as formas, texturas e cores. | EPB2.1.1. Manexa e emprega as diferentes texturas naturais e artificiais. | Emprega distintos materiais e formas nas súas realizacións | CCEC | Listas de control, análise de producións | 4 |
| | | | EPB2.1.3. Usa diferentes tipos de materiais e experimenta con eles para crear a posteriori obras plásticas | Emprega distintos materiais e formas nas súas realizacións | CCEC<br>CAA | Listas de control, análise de producións | 12 |

| 2ª Avaliación | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx** | **Contidos** | **Criterios Av.** | **Estándares** | **Grao Consecución** | **CC** | **Instrumentos Avaliación** | **Crit cualif (%)** |
| j | B2.2. Elaboración de debuxos, pinturas, colaxes, estampaxes, ilustracións, volumes, encartado de formas etc.<br>B2.3. Manipulación de obxectos para a súa transformación (monicreques, disfraces, escenarios etc.).<br>B2.4. Exploración de recursos dixitais para a creación de obras. | B2.2. Realizar composicións plásticas que representen o mundo imaxinario, afectivo e social. | EPB2.2.1. Produce e identifica obras sinxelas usando formas xeométricas básicas. | Emprega distintos materiais e formas nas súas realizacións | CCEC<br>CAA | Listas de control, análise de producións | 8 |
| | | | EPB2.2.2. Elabora portadas, colaxes e outros obxectos empregando as ferramentas e as técnicas básicas(recortar, pegar, encher; usar pinceis, rotuladores, lapis de cores etc.). | Emprega distintos materiais e formas nas súas realizacións | CCEC<br>CSIEE | Listas de control, análise de producións | 9 |
| | | | EPB2.2.4. Elabora e representa imaxes despois dunha presentación audiovisual | Realiza obras baseándose en modelos dados na pizarra dixital | CCEC<br>CAA | Listas de control, análise de producións | 10 |
| a<br>b | B2.5. Manipulación adecuada de materiais, instrumentos e espazos | B2.3. Respectar e coidar os materiais, os utensilios e os espazos | EPB2.3.1. Respecta as normas preestablecidas e coida os materiais, os utensilios e os espazos | Recolle o material e limpa o espazo de traballo ao rematar as tarefas | CCEC<br>CSC | Escalas de valoración | 6 |

| 3ª Avaliación | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx** | **Contidos** | **Criterios Av.** | **Estándares** | **Grao Consecución** | **CC** | **Instrumentos Avaliación** | **Crit cualif (%)** |
| **BLOQUE 1: EDUCACIÓN AUDIOVISUAL** | | | | | | | |
| j<br>e | B1.5. Observación e exploración sensorial dos elementos plásticos presentes nos ámbitos natural, artificial e artístico. | B1.3. Describir calidades e características dos materiais, dos obxectos e dos instrumentos presentes no | EP1.3.1. Describe calidades e características de materiais, obxectos e instrumentos presentes no contexto natural e | Distingue texturas, cores e formas básicas | CCEC<br>CAA | Listas de control | 10 |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | B1.6. Descrición de imaxes presentes no contexto próximo.<br>B1.7. Observación de elementos plásticos do ambiente artificial presentes en edificios, moblaxe urbana, luminosos ou sinais. | contexto natural e artificial. | artificial | | | | |
| | | | EP1.3.7. Identifica figuras xeométricas básicas | Distingue texturas, cores e formas básicas | CCEC CMCCT | Listas de control, análise de producións | 12 |
| | | | EP1.3.8. Identifica os diferentes tipos de liña | Distingue texturas, cores e formas básicas | CCEC CMCCT | Listas de control, análise de producións | 12 |
| j e | B1.8. Descrición verbal de sensacións e observacións das obras plásticas.<br>B1.9. Observación da obra plástica e visual no contexto, en exposicións e en museos, e comentarios posteriores sobre elas.<br>B1.10. Expresión oral das impresións que a obra artística xera. | B1.4. Usar léxico sinxelo e adecuado para comentar as obras plásticas propias e alleas. | EPB1.4.1. Describe o que sente ou pensa sobre as súas propias creacións plásticas e as dos compañeiros e as compañeiras, usando o vocabulario axeitado | Expresa as súas opinións libremente | CCL CSIEE CCEC | Escalas de valoración | 4 |
| j | B1.11. Exploración de distancias, percorridos e situacións de obxectos e persoas en relación co espazo.<br>B1.12. Observación de diferentes maneiras de representar o espazo (fotografía aérea, planos de vivendas, maquetas, mapas etc.). | B1.5. Identificar diferentes formas de representación do espazo. | EPB1.5.1. Observa diferentes formas de presentar o espazo. | Observa con interese mapas, fotografías, maquetas | CCEC CAA CMCCT | Escalas de valoración | 4 |
| | | | EPB1.5.2. Explora as distancias, os percorridos e as situacións de obxectos e persoas en relación ao espazo | Sinala nun plano do centro o percorrido que ten que facer para saír do colexio | CCEC CAA | Escalas de valoración | 12 |
| | | | **BLOQUE 2: EXPRESIÓN ARTÍSTICA** | | | | |
| j | B2.1. Uso de diferentes formas, texturas e cores nas producións. | B2.1. Probar en producións propias as posibilidades que adoptan as formas, texturas e cores. | EPB2.1.1. Manexa e emprega as diferentes texturas naturais e artificiais. | Emprega distintos materiais e formas nas súas realizacións | CCEC | Listas de control, análise de producións | 6 |
| | | | EPB2.1.4. Sitúa elementos no espazo nas producións plásticas | Recorta e pega formando collages | CCEC | Listas de control, | 12 |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | análise de producións | |
| j | B2.2. Elaboración de debuxos, pinturas, colaxes, estampaxes, ilustracións, volumes, encartado de formas etc.<br>B2.3. Manipulación de obxectos para a súa transformación (monicreques, disfraces, escenarios etc.).<br>B2.4. Exploración de recursos dixitais para a creación de obras. | B2.2. Realizar composicións plásticas que representen o mundo imaxinario, afectivo e social. | EPB2.2.1. Produce e identifica obras sinxelas usando formas xeométricas básicas. | Emprega distintos materiais e formas nas súas realizacións | CCEC<br>CAA | Listas de control, análise de producións | 4 |
| | | | EPB2.2.2. Elabora portadas, colaxes e outros obxectos empregando as ferramentas e as técnicas básicas(recortar, pegar, encher; usar pinceis, rotuladores, lapis de cores etc.). | Emprega distintos materiais e formas nas súas realizacións | CCEC<br>CSIEE | Listas de control, análise de producións | 9 |
| | | | EPB2.2.4. Elabora e representa imaxes despois dunha presentación audiovisual | Realiza obras baseándose en modelos dados na pizarra dixital | CCEC<br>CAA | Listas de control, análise de producións | 2 |
| a<br>b | B2.5. Manipulación adecuada de materiais, instrumentos e espazos | B2.3. Respectar e coidar os materiais, os utensilios e os espazos | EPB2.3.1. Respecta as normas preestablecidas e coida os materiais, os utensilios e os espazos | Recolle o material e limpa o espazo de traballo ao rematar as tarefas | CCEC<br>CSC | Escalas de valoración | 4 |

### *4.7.2.Contidos mínimos en caso de actividade lectiva non presencial*

En caso de establecerse un período longo de actividade lectiva non presencial, consideraranse como estándares de aprendizaxe imprescindibles os seguintes:

- ✓ Distingue texturas, cores e formas básicas.
- ✓ Emprega distintos materiais e formas nas súas realizacións.
- ✓ Realiza obras baseándose en modelos dados.
- ✓ Emprega distintas técnicas para as súas realizacións (cortar, pegar, pintar con distintos materiais ...)

### *4.7.3.Temporalización*

A organización do tempo contémplase desde dúas perspectivas claramente diferenciadas: a confección dun horario xeral, co correspondente desenvolvemento das áreas, acorde coa súa óptima temporalización, e a elaboración dun horario de actividade docente, en que se presentan as restantes actividades organizativas do centro.

No mes de setembro realizaranse actividades de repaso e reforzo, así como as avaliacións iniciais.

Comezarase a desenvolver as unidades didácticas no principio de outubro. A temporalización aproximada de cada unha delas en cada área aparece especificado na programación de cada unidade didáctica.

Temos en conta que tamén hai programadas unha serie de actividades arredor das conmemoracións e festas anuais que incidirán na distribución temporal das unidades didácticas.

### *4.7.4.Concrecións metodolóxicas*

A metodoloxía que se vai empregar procurará unha aprendizaxe significativa, dándolle ao labor didáctico un enfoque globalizador, e na medida das posibilidades lúdico e motivador. Poñeremos especial atención nun trato individualizado, respectando as peculiaridades de cada neno, atendendo aos seus ritmos de aprendizaxe e aos seus intereses persoais.

Promoveremos un enfoque interdisciplinar das materias e unha aprendizaxe activa, na que o alumno sexa quen de construír a súa propia aprendizaxe, que se desenvolverá nun ambiente que promoverá o traballo cooperativo, fomentando a aprendizaxe entre iguais.

Ademais os principios metodolóxicos nos que nos baseamos, ao ser unha sección bilingüe, fomentan crear e ampliar a capacidade para comunicarse. A finalidade non é tanto ensinar a lingua inglesa senón **ensinar a comunicarse** a través da lingua. O enfoque comunicativo-funcional está orientado á recepción e produción de mensaxes.

O noso esforzo xira en torno a lograr unha total inmersión dos alumnos/as na lingua inglesa para lograr a máxima naturalidade posible e conseguir que o alumno/a sinta a necesidade de coñecer as regras básicas para poder expresarse.

Ademais, utilizaremos todo o **soporte gráfico** posible para presentar o léxico e os conceptos que se traballen, conseguindo desta forma que se comprendan con máis facilidade. É dicir, intentaremos introducir o novo vocabulario a través das imaxes.

Finalmente, a nosa metodoloxía pretende desenvolver **competencias lingüísticas** (dominio do idioma), **culturais** (coñecer as tradicións, festas, costumes dos países de fala inglesa), **sociolingüísticas** (saber usar a lingua tendo en conta a situación social na que nos atopemos), **pragmáticas** (levar o idioma á práctica), para que o noso alumnado sexa capaz de ser autónomo dentro e fóra das nosas fronteiras.

Os principios metodolóxicos que englobarán a **práctica diaria** serán os seguintes:

– Crearemos **Rutinas de Aula**, tanto na lingua materna como na lingua estranxeira, que permitan ao alumnado partir cara os aprendizaxes dende un punto de seguridade, sempre apoiados pola linguaxe non verbal do profesor así como de formatos narrativos propios das dinámicas de aula. Estas rutinas entenderanse en dous niveis. O primeiro nivel entendido como o movemento dentro da aula: ordes sinxelas, reparto dos materiais, tarefas dos encargados, etc. O segundo nivel fai referencia ás rutinas da docencia directamente: a posta en común de nocións previas, adaptación dos aprendizaxes, posta en marcha de actividades consolidadoras.

– A **Linguaxe da Aula** estará formada por frases curtas con vocabulario repetitivo, predominando as ordes e con escasa utilización de tempos verbais que se irán introducindo progresivamente. A linguaxe oral irá sempre acompañada de linguaxe corporal para que se faga máis fácil a súa comprensión e aprendizaxe. Por outra banda, a aula contará con abundante material gráfico a vista do alumnado (debuxos, fotografías, mapas, murais...) para apoiar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

### *4.7.5.Materiais e recursos didácticos*

- Audio cd
- Páxina web
- Worksheets
- Xogos
- Lapis
- Goma
- Saca puntas
- Lapis de cores, ceras, rotuladores

- Témpera
- Pinceis
- Tesoiras
- Pegamento
- Papel continuo, folios, papeis de colores
- Plastilina
- Palillos
- Lá
- Fotografías, revistas, periódicos
- Barro
- Material de refugallo

## *4.7.6.Avaliación e criterios de cualificación do alumnado*

### 4.7.5.1. Momentos da avaliación

*Avaliación inicial*

Ao comezo do curso e coa finalidade de adecuar as ensinanzas da materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe, realizarase unha avaliación inicial de cada área incidindo na obtención de información sobre os coñecementos previos do alumnado na materia e o grao de desenvolvemento das competencias clave e os estándares de aprendizaxe.

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

Será de gran importancia a coordinación de todo o profesorado que imparta docencia en cada grupo a fin de tomar medidas conxuntas que faciliten o progreso do alumnado.

Despois desta reflexión inicial o alumnado realizará unha pequena avaliación inicial de cada unidade para ir adaptando o nivel nas competencias claves e o contido da materia.

*Avaliación continua*

A avaliación será continua e formativa , tratando de atender a todo o proceso de ensino aprendizaxe, coa observación e seguimento do alumno:

- ✓Recollida periódica do caderno.
- ✓Actividades realizadas en clase ou na casa que se recollerán para avaliar de maneira individualizada: exercicios, resumes, esquemas e mapas conceptuais
- ✓Exposicións orais, traballos, informes..
- ✓Traballos en grupo

Estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, tendo en conta as directrices marcadas pola orientadora.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o adecuado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como sexan detectadas as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

*Avaliación final*

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliables.

Avaliaranse as aprendizaxes do alumnado mediante os indicadores de logro.

#### 4.7.5.2. Criterios de cualificación

Os alumnos/as, realizarán probas escritas e orais, sobre o estudado. Tamén se terán en conta o estado dos cadernos, material de clase, deberes e actitudes. Os conceptos e procedementos aportan o 50 % da nota, as actitudes o 10 %, o traballo na aula o 40%

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de insuficiente(IN) para as cualificacións negativas, suficiente(SU), ben(BE), notable(NT) ou sobresaínte(SB) para as cualificacións positivas. A estes termos engadiráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

- Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.
- Suficiente: 5.
- Ben: 6.
- Notable: 7 ou 8.
- Sobresaliente: 9 ou 10.

### *4.7.7.Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados*

Como primeiro paso se analizarán as actas finais do curso anterior do grupo de alumnos e os informes individualizados dos mesmos.

A comezo do curso se realizarán probas no marco da primeira quincena de clases, durante o mes de setembro, para avaliar o estado dos coñecementos do alumnado e marcarnos o punto de partida do noso traballo. Estas probas se farán tendo en conta os estándares do curso anterior.

Os instrumentos de avaliación serán fundamentalmente listaxes de control e listas de verificación, e a análise da actividade desenvolvida na aula. Recollidos os datos da avaliación inicial se determinarán aqueles estándares que requiran dun tratamento máis intenso de cara a garantir un aproveitamento axeitado do curso.

### *4.7.8.Aprendizaxes non adquiridas no curso 2019-2020*

Na avaliación inicial haberá que prestar especial atención ás aprendizaxes que non foron adquiridas polo alumnado durante o pasado curso.

Ao tratarse do 1º curso de Primaria, e debido á situación de actividade lectiva non presencial que se deu no curso pasado, as diferenzas entre os niveis do alumnado poden ser moi grandes. Sendo nenos e nenas de tan curta idade, só podían seguir o traballo na casa co apoio continuado das familias e isto non foi posible en tódolos casos.

Así e todo, na Educación Infantil non se pretende que o alumnado chegue a Primaria coa lectoescritura totalmente adquirida, polo que as aprendizaxes non adquiridas no curso pasado non teñen por que afectar de xeito moi significativo ao 1º curso de Primaria.

### *4.7.9.Plan de recuperación*

A recuperación das aprendizaxes non adquiridas no curso 2019-2020, realizaranse de xeito progresivo ao longo dos tres trimestres.

Ao tratarse do 1º curso de Primaria e non ser obrigatoria a Educación Infantil, a situación non dista moito de cursos anteriores. O nivel do alumnado sempre é moi heteroxéneo en tódolos ámbitos. Algúns nenos e nenas manexan con facilidade distintas técnicas plásticas e edistintos materiais e soportes, mentres que outros aínda non conseguen coller correctamente o lapis, a tesoira e outros materiais. Esta situación é totalmente habitual nunha aula de 1º e esixe unha atención moi individualizada por parte do profesorado.

En tódalas materias e en tódalas áreas, comezaremos como se o alumnado nunca estivese escolarizado. Vendo a resposta dos nenos e nenas con respecto a cada un dos contidos traballados e avaliando a cada momento os coñecementos previos dos que xa dispoñen, poderase ir adaptando semanalmente a temporalización dos contidos de 1º, a necesidade de reforzo ou ampliación,  a necesidade dunha maior atención a determinados estándares de aprendizaxe ... Deste xeito, iranse recuperando pouco a pouco as aprendizaxes que o alumnado non puido traballar durante o curso pasado.

Prestando especial atención ás aprendizaxes previas necesarias para a adquisición de cada un dos novos contidos, reforzando estas aprendizaxes e buscando a relación cos novos contidos, é o único xeito de poder garantir que a adquisición de aprendizaxes por parte do alumnado sexa realmente significativa.

Despois de tanto tempo sen que o alumnado asista a clases presenciais e en vista da actual situación sanitaria, será necesario traballar especialmente as normas, as rutinas, a cohesión do grupo, o respecto polos espazos e o coidado e hixiene da aula e do material.

# 5.CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Os criterios de promoción entre cursos e ao final de etapa serán os seguintes:

O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado, ou os obxectivos da etapa, e que acadou o grao de adquisición necesario das competencias correspondentes.

Tomaranse como referencia as seguintes consideracións:

O alumno ou alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que:

- ✓ Non teña máis de tres materias con cualificación de insuficiente.
- ✓ Non teña cualificación de insuficiente nunha das linguas cooficiais e matemáticas.

A repetición considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado. Poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, que será organizado polo centro de acordo co que estableza a consellería competente en materia educativa.

O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

# 6.INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE

Empregaremos ao remate do proceso a seguinte táboa para valorar o proceso de ensino e a práctica docente:

| | 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|---|---|---|---|
| Deseño distintas actividades de aprendizaxe para o logro de cada un dos obxectivos | | | | |
| Motivo aos meus alumnos comunicándolles os obxectivos que quero acadar e a finalidade das actividades, partindo dos seus coñecementos previos. | | | | |
| Relaciono os contidos con situacións reais, informándoos da utilidade e creando expectativas | | | | |
| Emprego metodoloxías que favorezan o desenvolvemento dunha actitude positiva do alumno e que teña en conta os seus intereses | | | | |
| Propoño actividades que favorecen a aprendizaxe autónoma | | | | |
| Cando comezamos unha actividade nova, os alumnos/-as coñecen os obxectivos e competencias que se queren desenvolver, as diferentes actividades a realizar e como se lles vai avaliar. | | | | |
| As actividades que propoño están relacionadas con situacións da vida real. | | | | |
| En función das características de cada alumno suscito tarefas e logros diferentes. | | | | |
| Propoño metodoloxías diversas. | | | | |

Tamén valoraremos aspectos organizativos sobre o emprego de materiais e distribución do grupo clase

| | | % |
|---|---|---|
| Como organizo o grupo clase (expresado en porcentaxe de tempo) | Traballo individual | |
| | Parellas | |
| | Pequeno grupo | |
| | Gran grupo | |
| Emprego recursos e materiais variados para a aprendizaxe | | |

## 7.MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Cando falamos de necesidades específicas de apoio educativo temos que ter en conta que non estamos a falar do caso do alumnado que ten dificultades de aprendizaxe e ao que a docencia dá resposta diariamente a través de actividades de reforzo ou de ampliación e de unha maior atención en xeral. O que agora nos ocupa é o alumnado para o que os recursos ordinarios non son suficientes, sendo necesaria a incorporación de medidas extraordinarias.

Cando as dificultades non son moi importantes, as medidas habituais de individualización da ensinanza poden ser suficientes para dar resposta ás necesidades do discente, pero agora falamos de dificultades xerais, para as que é preciso levar a cabo adaptacións significativas. Neste caso considérase que o neno/-a ten N.E.A.E., xa que esixe do sistema medidas educativas extraordinarias.

Ao referirnos ás necesidades específicas de apoio educativo, non falamos tan só de discapacidades de carácter psicolóxico, físico ou sensorial, se non que nos estamos a referir tamén a casos de altas capacidades, casos de nenos/-as que se atopen nunha situación social desfavorecida, casos de alumnado con incorporación tardía ao sistema educativo español e incluso de alumnado estranxeiro que poida ter problemas tanto co idioma como coa relación social cos compañeiros ou incluso con aspectos da nosa cultura que lle sexan alleos.

A identificación e valoración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración, realizarase da forma máis temperá posible. Adoptaranse as medidas necesarias para facer realidade esa identificación, valoración e intervención.

Na actualidade hai dous alumnos que precisan o apoio da especialista de Audición e Linguaxe.

# 8.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Neste curso, será necesario buscar as fórmulas que permitan realizar as distintas actividades, celebracións e conmemoracións dun xeito compatible coas recomendacións sanitarias en cada momento.

Durante o curso escolar celebraranse, como mínimo, as seguintes conmemoracións:

- ✓20 de novembro de 2020: Día Universal da Infancia.
- ✓25 de novembro de 2020: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- ✓Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2020: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- ✓3 de decembro de 2020: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- ✓10 de decembro de 2020: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- ✓24 de xaneiro de 2021: Día Internacional da Educación.
- ✓30 de xaneiro de 2021: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- ✓8 de marzo de 2021: Día Internacional da Muller.
- ✓15 de marzo de 2021: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- ✓Do 8 ao 12 de marzo de 2021: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- ✓7 de abril de 2021: Día Mundial da Saúde.
- ✓Entre o 19 ao 23 de abril de 2021: Semana do Libro.
- ✓2 de maio de 2021: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- ✓9 de maio de 2021: Día de Europa.
- ✓Do 10 ao 14 de maio de 2021: Semana das Letras Galegas.
- ✓5 de xuño de 2021: Día Mundial do Ambiente.

Ademais, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, realizaranse actividades específicas próximas ás datas de celebración internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais.

Por outra banda, ao longo do curso realizaranse algunhas saídas que poidan ser interesantes para o alumnado de 1º.

O centro atópase nun entorno natural e etnográfico que aporta moita información ao alumnado e que é moi interesante visitar.

Ademais, unha gran parte do alumnado non ten moitas posibilidades de acceso a museos, teatro, actividades culturais, concertos, ... polo que será interesante achegar aos nenos e nenas a algunha destas actividades que poidan ademais aportar información relevante sobre os contidos que se poidan estar traballando nas distintas materias.

# 9.MEDIDAS PARA A ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

## 9.1.Actuacións iniciais para preparar o posible período de actividade lectiva non presencial

No principio do curso, e a ser posible nos primeiros días de setembro, levaranse a cabo as seguintes actuacións:

- ✓ Farase unha enquisa ás familias para poder **identificar ao alumnado que teña dificultades de conexión** ou falla de equipamento. No caso de que na aula haxa alumnado con problemas neste ámbito, procurarase buscar o apoio do Concello de Ponteareas e dos Servizos Sociais.
- ✓ Porase en funcionamento a **aula virtual de 1º**.
- ✓ **Formarase ao alumnado** de 1º na medida do posible para que poidan ser medianamente autónomos no uso do ordenador e da tablet. Tratarase de que poidan realizar como mínimo as seguintes tarefas:
  - Acender e apagar o ordenador e a tablet
  - O rato e o punteiro
  - O menú e iconas do escritorio
  - A barra de desprazamento
  - O monitor
  - Auriculares e altofalantes
  - Iniciar aplicacións dende o escritorio
  - O teclado: letras e números
  - Crear un documento de texto
- ✓ Procurarase **realizar algunhas probas** do correcto funcionamento da aula virtual, das vídeo chamadas, dos foros ...
- ✓ O equipo de dinamización das TICs porá toda a información na páxina do centro para **informar e formar ás familias** sobre o funcionamento das aulas virtuais e do Abalarmóbil (documentos explicativos, vídeos titoriais ...). Enviaranse os enlaces a esta información a través das habituais canles de comunicación coas familias.

## 9.2.Período de actividade lectiva non presencial

É previsible que se poidan dar distintos escenarios con respecto á actividade lectiva non presencial:

- ✓ Un ou varios alumnos/-as non poden asistir a clase durante varios días a causa dalgún dos supostos previstos no plan de adaptación ao Covid 19 ou por indicación expresa das autoridades sanitarias.
- ✓ Sanidade suspende temporalmente a actividade lectiva presencial para toda a aula de 1º.

- ✓ Un ou varios alumnos non asisten a clase durante un ou varios días polas causas habituais de enfermidades comúns, malestar, consultas médicas ...

En calquera un destes supostos escenarios, o profesorado fará un seguimento diario da actividade lectiva do alumnado que non está asistindo ao centro. Por suposto, será necesario ter sempre en conta que para isto o alumnado debe atoparse nun estado de saúde adecuado como para seguir traballando dende a casa.

Para facer o seguimento da actividade lectiva deste alumnado que non poida facelo de xeito presencial, están previstas as seguintes medidas:

- ✓ O ensino non presencial será **impartido polo profesorado habitual de 1º**, preferentemente **a través da aula virtual**. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles, ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente poderanse poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.
- ✓ Ademais das aulas virtuais, habilitaranse **fórmulas de comunicación** como foros ou vídeo chamadas para manter contacto coas familias e fornecer contidos educativos ao alumnado.
- ✓ No caso do **alumnado no que non sexa posible o uso da aula virtual**, comunicarase o traballo diario por vía telefónica (mensaxería, abalarmóbil, chamada ou vídeo chamada).
- ✓ Procurarase que o alumnado **dispoña de todo o material necesario** para poder realizar o traballo dende a súa casa. En caso de ser necesario, pedirase a axuda de Protección Civil para poder achegar libros, fichas, cadernos ou outros materiais necesarios á casa do alumnado que non poida asistir ao centro.

En todo caso, para facer o seguimento da actividade lectiva non presencial do alumnado afectado, o profesorado de 1º procurará cumprir sempre coas seguintes premisas:

- ✓ **Manter o contacto permanente co alumnado** e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia.
- ✓ **Actualizar diariamente a aula virtual** para garantir a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe.
- ✓ Programar **tarefas que non supoñan unha carga de traballo excesiva** para o alumnado e para as súas familias.
- ✓ Programar tarefas das **distintas materias** atendendo á carga horaria de cada unha delas e procurando que os tempos de traballo do alumnado non se excedan das horas establecidas.
- ✓ Programar **distintos tipos de tarefas e en distintos soportes** (cadernos, libros, ordenador, vídeo, vídeo chamadas ...).

- ✓ Se é o caso, procurar que a actividade lectiva do alumnado **presencial e non presencial** teña unha temporalización o máis similar posible, que vaia paralela e non cause diferenzas entre o alumnado en distintas situacións.

## 10.MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS E PROCESOS DE MELLORA

Valoraremos a adecuación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación á realidade do alumnado. Comprobaremos se as avaliacións das materias inclúen o grao de desenvolvemento das competencias básicas, se a metodoloxía empregada é coherente cos obxectivos previstos, se se aplicaron as medidas de atención á diversidade de forma axeitada, e se as aprendizaxes do alumnado con relación ao previsto están axustadas. Comprobaremos se o grao de desenvolvemento das programacións docentes foi suficiente e se a coordinación entre o profesorado cumpre as expectativas iniciais. Con todos estes datos poderemos avaliar globalmente todo o proceso

Para valorar a nosa propia programación e acometer as reformas necesarias co fin de mellorala, usaremos como ferramenta esta lista de valoración:

| **ASPECTOS DA REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN** | **1** | **2** | **3** | **4** |
|---|---|---|---|---|
| Organizáronse os estándares en relación ás distintas unidades de programación. | | | | |
| Definíronse axeitadamente os indicadores de logro dos estándares. | | | | |
| Determináronse os estándares imprescindibles. | | | | |
| Están correctamente asociados estándares, instrumentos de avaliación e indicadores de logro. | | | | |
| Deseñouse a avaliación inicial e definiuse que facer cos seus resultados. | | | | |
| Medidas de atención á diversidade: Tivéronse en conta medidas xerais de intervención educativa. | | | | |
| Contempláronse medidas para o alumnado con NEAE. | | | | |
| Fíxose unha AC no caso de estar autorizada. | | | | |
| Atendeuse axeitadamente ao alumnado con sobredotación. | | | | |
| Definíronse programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación vinculados aos estándares. | | | | |
| Avaliouse a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación. | | | | |
| Hai estratexias de promoción da lectura e da escritura. | | | | |
| Hai estratexias para inserir as TIC no proceso de ensino. | | | | |
| Aplícase a metodoloxía didáctica acordada. | | | | |
| As tarefas están vinculadas a situacións reais, significativas e motivadoras para o alumnado. | | | | |
| Cada instrumento de avaliación relaciónase cos estándares de aprendizaxe. | | | | |
| Hai procedementos e instrumentos de avaliación variados. | | | | |
| Os estándares imprescindibles están identificados. | | | | |
| Infórmase ás familias e ao alumnado de estándares e criterios de cualificación. | | | | |
| Análise dos resultados das avaliacións individualizadas. | | | | |
| Coordinación entre o equipo didáctico. | | | | |
| Coordinación do profesorado a nivel vertical: outros cursos e etapas. | | | | |
| Tratamento preciso dos temas transversais. | | | | |
| Actividades extraescolares e complementarias. | | | | |